- Transmitirase unha imaxe humanizada das Ciencias que ten en conta o impacto social destas, os aspectos morais e éticos do traballo científico, e o desenvolvemento da creatividade no exercicio das Ciencias (Lemke, 2006). Estas cuestións materialízanse transferindo os contidos á resolución de problemas reais. Deseñaranse actividades que presentan situacións problemáticas o máis abertas e significativas posible (Díaz e Jiménez, 1999), cuxo proceso de resolución permita a reflexión e reestruturación dos construtos da Ciencia, independentemente de que as tarefas sexan de tipo práctico ou teórico (Domínguez, Pro, García-Rodeja e Illobre, 1999). Nesta liña, o deseño das actividades segue un modelo holístico (Caamaño, 1992; do Carmen, 1997). Así, no canto de ensinar directamente as técnicas necesarias para utilizar métodos calorimétricos, propónse utilizar estes como técnicas necesarias para desenvolver estratexias relacionadas coa determinación das transferencias enerxéticas dos procesos físicos e químicos.

- Dado que algunhas ideas alternativas son extraordinariamente resistentes ao cambio, considérase insuficiente o simple enunciado do conflito ou do feito discrepante (Hewson, 1981; Posner et al., 1982): é necesario propoñer actividades capaces de introducir novas ideas, e de axudar a transferilas a distintos contextos utilizando diferentes estratexias. Por isto, as actividades das unidades didácticas parten de situacións, feitos ou fenómenos da realidade observable e o máis cercana posible ás experiencias do alumnado, e ábreanse aos construtos teóricos e procedementais da Ciencia e a outras realidades culturais. Proporciónase así a base para formular un problema que, á vez, pon de manifesto a necesidade de formular hipóteses e contrastalas (Díaz e Jiménez, 1999). Recoméndase enfatizar a necesidade de desenvolver os aspectos procedementais: a identificación do problema, a emisión de hipóteses e o establecemento de predicións, o deseño de experiencias a análise dos resultados obtidos, o establecemento de conclusións coherentes co proceso de investigación, e a crítica dos resultados e as conclusións obtidas. Este é un punto de partida para que o alumnado perciba a importancia de formular teorías, e discuta as limitacións e o poder explicativo das mesmas, e as causas da súa aceptación ou rexeitamento. As destrezas cognitivas de razoamento e argumentación son ferramentas para a elaboración e comunicación de discursos explicativos, xustificativos e predictivos.
- A introdución de problemas teóricos permite relacionar o nivel observacional co explicativo mediante proposicións que permiten confrontar a linguaxe cotiá coa linguaxe científica e introducir esta na aula. Valorárase o emprego da linguaxe científica como ferramenta para o entendemento da comunidade científica, e buscarase concienciar sobre a necesidade de adaptar as ferramentas da comunicación lingüística ao contexto comunicativo.

2. Secuenciación habitual de traballo na aula

O mecanismo de traballo habitual na aula consistirá nunha breve explicación teórica sobre a materia correspondente e asignada á sesión para posteriormente pasar a realizar actividades de afianzamento, reforzo e ampliación sobre dita materia durante esa sesión e, dado o carácter eminentemente práctico da materia, as vindeiras se forá menester.

O traballo será realizado por todos os alumnos do grupo de xeito individual na maioría dos casos e quedará reflectido nos seus cadernos clase.

Ao rematar a materia correspondente a cada unidade didáctica relizarase unha proba escrita sobre a mesma.

1. Espazos

Os espazos necesarios para poder desenvolver os contidos da Física e Química de 2º de ESO son unha aula, un laboratorio, unha biblioteca e unha aula de informática.

Outras instalacións do centro, como as salas de usos múltiples ou as aulas reducidas, poden resultar interesantes para o desenvolvemento de actividades en cooperación con outros departamentos didácticos. En todo caso, a organización e a utilización dos espazos do centro deben estar coordinadas cos distintos departamentos, en función das distintas actividades a desenvolver.

2. Materiais e recursos didácticos

Na actualidade, a grande variedade de materiais didácticos dispoñibles permite adaptar a intervención de aula aos distintos estilos de aprendizaxe dos alumnos, ao tempo que axuda á realidade educativa a responder ás necesidades e expectativas da sociedade tecnolóxica actual.

Tentarase utilizar unha ampla e variada gama de materiais didácticos, buscando en cada momento o tipo de recurso máis axeitado para cada contido. En todo caso, os materiais empregados deben ser motivadores, novidosos e actualizados.

Entre os materiais didácticos máis útiles para o desenvolvemento dos contidos da materia de Física e Química destacan:

- * Materiais impresos: Entre eles, o libro de texto seleccionado polo departamento didáctico será un recurso primordial, aínda que a súa adopción na intervención docente non debe ser automática, irreflexiva nin superficial. Debe terse en conta que moitos libros de texto conteñen erros reseñables, e están cheos de exercicios pechados, algorítmicos e pouco relevantes para o alumnado (Otero, 1990; Tamir e García, 1992; do Carmen e Jiménez, 1997; Campanario, 2001, 2003). É tarefa do profesor solventar estas carencias, dinamizar os contidos e seleccionar e transformar as actividades de xeito que promovan unha aprendizaxe significativa. Como referencia de materiais que se prestan doadamente a estas labores, utilizarase o libro de texto da editoria Santillana para 2º ESO, de máis recente publicación. Ademais do libro de texto, tomaranse en consideración soportes escritos como fotocopias, transparencias... así como diverso material impreso da biblioteca, da prensa escrita convencional e de revistas de divulgación científica.

- * Caderno do alumno: É unha ferramenta fundamental de traballo individual dos alumnos, tanto na aula coma fóra dela.

- * Simulacións por ordenador: Este recurso, así como os diversos recursos audiovisuais (Mas, Paniagua, Vilaseca e Barbosa, 1991; Llitjós, Estopa e Miró, 1994), serán útiles para reproducir esquemas, animacións e todo tipo de situacións nas que o encerado resulte insuficiente. As simulacións ofrecen unha posibilidade de visualización dinámica, significativa e motivadora para moitos contidos da materia.

- * Novas tecnoloxías: Axeitadamente dirixidas, as novas tecnoloxías están a proporcionar, dende os anos noventa, útiles recursos técnicos e comunicativos (Barberá e Sanjosé, 1990; Valente e Neto, 1992; Herrán e Parrilla, 1994; Pontes, 1999). Recorrerase a eles a fin de eliminar as barreiras espazo-temporais entre o profesor e o alumno, e para flexibilizar e ampliar a oferta educativa. A este respecto, tanto o *software* educativo como os portais informativos e as *webquest* son ferramentas axeitadas para favorecer a autoaprendizaxe e a interacción entre os protagonistas do contorno educativo. Ademais, os recursos relacionados coas novas tecnoloxías (como a pizarra dixital) axudan a potenciar a adaptación individualizada do contorno ás características e motivacións dos alumnos con necesidades educativas específicas. No Decreto 86/2015 especificábase que as TIC serán unha ferramenta necesaria para a aprendizaxe en todas as materias, tanto polo seu carácter imprescindible na educación superior como pola súa utilidade e relevancia para a vida cotiá e a inserción laboral.

- * Laboratorio: O traballo de laboratorio é imprescindible nunha materia experimental como a Física e Química, ademais de servir de estímulo para a creatividade e a curiosidade.

Independentemente do soporte material co que se leven á aula, existen argumentos máis que suficientes para respaldar a importancia que ten a resolución de problemas na aprendizaxe das Ciencias (Garret, 1988, 1995; Díaz, 1999; Díaz e Jiménez, 1999; Perales, 1993; Perales, 2000; Pro, 2003), en especial no que se refire á aprendizaxe dos aspectos procedementais.

Enténdese por problemas aquelas situacións que propoñen dificultades para as que non existen solucións únicas e establecidas de antemán. A autenticidade dun problema vén determinada por dúas compoñentes (Duschl e Gitomer, 1996):

- ▶ O contexto dos problemas: pódese utilizar para aproveitar a necesidade que sinten os alumnos de relacionar as cuestións co seu coñecemento actual, para abordarlas e traballar sobre elas utilizando as súas propias ferramentas cognitivas. Isto condiciona a deseñar os problemas de maneira que se sitúen nas ZDP dos que aprenden; do contrario, ou non existe tal problema, ou en todo caso no cabe esperar que este xere aprendizaxe (Díaz, 1999).
- ▶ Os datos e probas: a resolución dun problema auténtico require o establecemento de relacións sucesivas entre datos e teoría (Jiménez Aleixandre, 2003). Para elaborar estes razoamentos, os alumnos adoptarán a linguaxe científica, o que os introduce na comunidade de discurso da cultura científica.

Garret (1988, 1995) e Perales (2000) advirten que a resolución dos problemas auténticos non debería ocupar un espazo desproporcionado con respecto ás necesidades de ensinanza e aprendizaxe, tendo en conta a disciplina obxecto de estudo e as características dos estudantes e do docente.

As destrezas que se traballan cos problemas refórzanse mediante outras tarefas de aprendizaxe, coma os traballos prácticos, que permiten desenvolver competencias no traballo científico e habilidades na investigación, extender o coñecemento a través de novas experiencias, facilitar o contacto con fenómenos reais, dar a oportunidade de explorar a extensión e os límites das teorías, e desenvolver destrezas específicas como a observación e a manipulación, e, máis aló dos contidos procedementais, permiten poñer en xogo conceptos, teorías e actitudes (Caamaño, 1992). Lémbrese que, epistemolóxicamente, os ámbitos conceptual e procedemental están estreitamente interrelacionados (Pozo e Gómez Crespo, 1998), e por isto no se poden considerar independentes nin desvinculados: non hai experimentos sen contidos conceptuais e procedementais asociados (Pro, 1998, 2003).

1. Procedementos de avaliación inicial

En que data se realizará?

En que consistirá? (proba tipo test, preguntas e respostas, confección de mapas, gráficas, etc relacionados cos estándares?)

Como se informará á familia?

Cales serán as consecuencias dos resultados?

Haberá dous tipos de avaliación inicial:

- **Xeral:** Farase a principios de curso (no mes de outubro), coa finalidade de coñecer capacidades dos alumnos (compresión, expresión, razoamento dedutivo, tenacidade no traballo, atención...).

Basearase nunha proba de carácter xeral sobre conceptos de cursos precedentes.

Toda esta información será contrastada na xuntanza da avaliación inicial coa do resto de profesores do curso e a proporcionada polo departamento de orientación.

A información desta avaliación será utilizada para intentar paliar as debilidades de cada alumno e potenciar e utilizar as súas fortalezas. Tamén se terá en conta á hora da formación dos grupos de traballo, buscando a heteroxeneidade e fomentando o traballo cooperativo.

- **De tema/UD:** Haberá temas (UDs ou determinados contidos das UD) nos que os alumnos xa teñan concepto previos. A avaliación inicial farase ó principio de cada tema, coa finalidade de explicitar eses conceptos previos.

Esta parte da avaliación inicial farase como unha actividade dentro do propio tema e a partir da cal deseñar actividades que vaian levando ó alumno ó cambio conceptual.

Os plans de actuación, que serán corroborados polos titores dos alumnos, así como polos equipos docente e directivo do centro, buscarán a adaptación que responda o máis axeitadamente posible ás características e circunstancias persoais e familiares do alumno; en todo caso, implicarán a necesaria orientación aos titores para o seguimento da evolución da aprendizaxe do estudante. A comunicación

3.- Procedemento avaliación continua

A avaliación é un proceso estimativo e investigador, mediante o que se valora a acción educativa, fanse propostas de mellora ou adaptación, e apórtanse conclusións sobre o desenvolvemento dos procesos educativos e o grao de consecución dos obxectivos fixados. Está en continua revisión e reflexión, e non debe confundirse cos rendementos finais, nin reducirse a momentos illados (Jorba e Sanmartí, 1996).

A avaliación é un elemento máis do currículo e debe traballarse en paralelo cos demais elementos curriculares. A información que se obtén con ela é accesible tanto ao profesorado, como ao alumnado e aos titores legais dos alumnos menores de idade.

Dado que os referentes para a avaliación da construción do coñecemento son os criterios de avaliación e a súa concreción nos estándares de aprendizaxe avaliábeis, a avaliación na etapa de ESO ten funcións cuantitativa, cualitativa e orientadora, e fundaméntase nos principios de individualización, continuidade, sistematicidade e adaptabilidade. Trátase de determinar o máis organizada, minuciosa e flexiblemente posible a aprendizaxe, valorada en función das características de cada estudante, en termos do grao de consecución dos obxectivos que se acadan, da evolución dos coñecementos e o nivel competencial alcanzado, atendendo á temporalización prevista. As condicións de realización da avaliación adaptáranse ás características do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

A avaliación do alumnado debe ser global e integral, de acordo coa perspectiva da aprendizaxe por competencias. Algúns estándares de aprendizaxe refírense a aspectos que se avaliarán en UD's concretas, mentres que outros se avaliarán en todas e cada unha das UD's. Estes criterios de avaliación comúns son:

- ✓ Asimilación de conceptos, hipóteses e teorías científicas, e a súa aplicación á resolución de problemas auténticos que se refiren a diferentes contextos.
- ✓ Conciencia e coñecemento sobre a importancia dos fenómenos químicos e as súas aplicacións aos individuos e ás sociedades.
- ✓ Formulación e contraste de hipóteses baseadas no coñecemento científico, co establecemento dun plan de traballo para abordar a resolución de problemas.
- ✓ Planificación e realización de pequenas investigacións.
- ✓ Busca sistemática e reflexiva de información, control da calidade da documentación e a discusión sobre a veracidade das fontes.
- ✓ Análise, síntese e contraste da información científica. Realizar descripcións, interpretacións e predicións científicas a partir de datos e probas.
- ✓ Interpretación dos datos e probas (significado, aplicabilidade, limitacións), tanto se foron dados previamente coma se foron resultado do traballo do alumno.
- ✓ Capacidade para explicar, interpretar e expresar a información científica.
- ✓ Observación e reflexión sobre os acontecementos que suceden durante o desenvolvemento dunha actividade e sobre o proceso de resolución das tarefas.
- ✓ Deseño, elaboración e comunicación de esquemas e informes claros e concisos, orais ou escritos, sobre o desenvolvemento e conclusións das tarefas.
- ✓ Manipulación axeitada dos instrumentos e materiais necesarios para o desenvolvemento das actividades, aplicando medidas de prevención de riscos e traballando coas TIC para a procura de información, a simulación de probas prácticas, a obtención e tratamento de datos e a elaboración de informes.
- ✓ Coidado e respecto polo material de aprendizaxe, polos recursos didácticos relacionados coas TIC e polo instrumental de laboratorio.
- ✓ Interese pola aprendizaxe das Ciencias e pola divulgación do coñecemento en xeral. Implicación na boa marcha das clases e na creación dun clima de aula aberto, participativo, cordial e democrático.
- ✓ Rigor, dilixencia e independencia de pensamento na realización das tarefas.
- ✓ Cooperación e actitudes positivas: disposición dialogante, participativa e aberto a ideas, asertividade e regulación das emocións na interacción cos demais.

Con que temporalización se farán probas escritas (cada tema, dous, tres, cantas por trimestre ou avaliación, etc.?)

Farase unha proba escrita por cada tema desenvolvido (estímense unhas tres probas escritas por trimestre). Nas probas escritas de final de UD, os contidos obxecto de avaliación serán todos os contidos conceptuais e procedementais traballados ata o momento, con especial énfase nos da última UD desenvolvida ($\geq 75\%$ dos

contidos da proba).

Como se cualifican as probas, traballos individuais ou colectivos, traballo no caderno, observación.

Ponderación, redondeo, ...

Como se fai a media de cada unha das avaliacións? Ponderación, redondeo,

Que aspectos se van a valorar dentro da observación do traballo na aula?

Como se recupera unha proba non superada?

A avaliación debe ser un proceso flexible no sentido de que, en función dos obxectivos trazados, debe servirse dunha ampla diversidade de técnicas e instrumentos de rexistro, modificándoos cando sexa necesario para adaptalos mellor ás necesidades dos alumnos.

En todo caso, considérase indispensable o criterio do departamento didáctico para calcular a carga porcentual de cada tipo de contido na cualificación final. Por isto, na presente programación apúntanse estimacións aproximadas do peso porcentual de cada aspecto a avaliar, tendo en conta os instrumentos de avaliación utilizados.

Os instrumentos que se utilizarán para avaliar a aprendizaxe son:

✓ Observación sistemática do traballo diario do alumno: refírese fundamentalmente á comprensión de ideas e aos aspectos procedementais (coherencia na expresión, manexo do vocabulario axeitado, utilización de argumentos científicos na construción de razoamentos) e actitudinais, como a asistencia regular e a puntualidade, a atención e o interese cara a aprendizaxe, o respecto polas normas de convivencia, o grao de participación nos traballos, o esforzo, a limpeza e a orde, o coidado do material... Teranse en conta aquelas circunstancias persoais do alumno que poden ter incidencia na aprendizaxe: a idade, as necesidades específicas de apoio educativo, as condicións familiares, ou a autoestima e o *status* do alumno nas relacións grupais, son factores que condicionan a adquisición de competencias.

✓ Revisión das actividades de aula, tanto das realizadas nos cadernos dos alumnos coma nos traballos bibliográficos individuais e grupais. Valoraranse a comprensión e reflexión no desenvolvemento das actividades, xunto coa selección e o contraste da información e aspectos relacionados coa capacidade de síntese, a presentación, a corrección e a soltura na expresión escrita; tamén se avaliarán os bos hábitos de traballo persoal (constancia, perseverancia, responsabilidade, interese, curiosidade e espírito crítico) e grupal (participatividade, colaboratividade, solidariedade, disposición dialogante e aberta ao traballo, ideas e estilos de aprendizaxe dos demais).

✓ Revisión das actividades prácticas de laboratorio: a valoración das prácticas será o resultado de valorar a actitude no traballo, xunto coas habilidades e destrezas, e os informes individuais de prácticas. Na cualificación dos informes teranse en conta os aspectos instrumentais, o tratamento dos datos e a análise e discusión dos resultados.

✓ Probas orais periódicas para comprobar o grao de implicación na aprendizaxe e o ritmo de traballo dos alumnos.

✓ Probas escritas: todas as probas escritas, tanto as de final de UD como a final de trimestre, e as probas de recuperación ordinarias e a extraordinaria de setembro, conterán tres partes: unha parte de tipo test (cunha sección de test simple e outra de test múltiple), unha sección de preguntas curtas, e unha sección de preguntas longas, exercicios numéricos e problemas teóricos e/ou prácticos.

A cualificación, distinta da avaliación, consiste na cuantificación das aprendizaxes realizadas. A cualificación da materia de Física e Química obterase por redondeo, ás unidades, da media aritmética simple das cualificacións trimestrais, cada unha das cales estará representada por un número enteiro entre 0 e 10. A cualificación trimestral calcularase a partir da ponderación das cualificacións parciais que se obteñan para os distintos aspectos avaliados, cada un dos cales se puntuará de 0 a 10 con ata dúas cifras decimais de aproximación. A estas cualificacións parciais se aplicará a clave porcentual que se indica a continuación, para achar a cualificación trimestral, que se transformará en número enteiro por redondeo.

✓ A observación sistemática do traballo diario do alumno contará en total un 5 % da cualificación trimestral, por suma do 2,5 % da nota que será función dos aspectos procedementais, e outro 2,5 % para os actitudinais.

✓ A revisión das actividades de aula representará un 10% da cualificación trimestral: o desempeño demostrado na resolución das tarefas de tipo actividades escritas (cuestións, exercicios, problemas) contará un 10 %, e o desenvolvemento dos contidos mediante textos, esquemas e mapas conceptuais contará outro 10 %. Para a cualificación das actividades orais, darase prioridade á participación e actitudes no traballo grupal, á creatividade e á demostración de continuidade e reflexión no estudo. En canto ás actividades escritas, primará

o grao de eficacia na elaboración das estratexias de resolución de problemas, a capacidade de síntese e a corrección e soltura na expresión escrita. Penalizaranse con -0,5 puntos cada día de tardanza na entrega do caderno, a deficiente presentación do mesmo e o deficiente desempeño nas actividades e desenvolvemento dos contidos; salvo que o alumno presente un xustificante no que aporte razóns de forza maior, o que lle permitirá retrasar a entrega tantos días como indique o xustificante. Consideraranse razóns de forza maior os problemas de saúde do alumno, sempre e cando este aporte un certificado médico ao respecto; e asuntos persoais ou familiares de gravidade, como a defunción dun familiar directo, a celebración dun xuízo no que se vexa involucrado o alumno, unha catástrofe natural que afecte economicamente á familia, etc. Valorarase cada caso en función da súa gravidade.

As actividades de aplicación son moi interesantes para obter datos sobre a evolución das ideas dos estudantes e sobre a súa relación coa consecución dos obxectivos e o grao de adquisición de competencias. Como estas actividades están deseñadas de maneira que o alumnado transfira os seus coñecementos á explicación de novos feitos e fenómenos, a avaliación permite comprobar como e ata que punto fan significativo o novo coñecemento na resolución de cuestións de base científica.

✓ A revisión das actividades prácticas de laboratorio sumará ata un 5 % da cualificación trimestral, tendo en conta os aspectos conceptuais (2 %), procedementais (2 %) e actitudinais (1 %) demostrados no laboratorio. A calidade dos informes individuais de prácticas incluírá a valoración dos aspectos instrumentais e o tratamento dos datos experimentais, a análise e discusión dos resultados obtidos, e a claridade organizativa e expositiva do informe en si. Penalizarase con -0,5 puntos cada día de tardanza na entrega do informe, salvo razóns de forza maior (como xa se explicou previamente).

✓ As probas orais periódicas sumarán ata un 10% da cualificación trimestral.

✓ As probas escritas recibirán un 70 % da cualificación trimestral, como media aritmética simple das probas realizadas ao final de cada UD. A ausencia non xustificada a unha sesión de proba escrita computará como un 0 na cualificación da mesma. A ausencia xustificada por razón de forza maior resolverase cunha nova convocatoria de proba, á maior brevidade posible, e a dificultade das tarefas será comparable ao da proba orixinal.

Todas as probas escritas puntuaranse sobre un total de 10 puntos, cada un deles correspondente a unha das dez preguntas curtas que compoñen a proba, e que salvo carácter excepcional só poderan ser respostadas no folio que se lles entrega. Estas cuestións poderán facer referencia á teoría explicada, poderán ser problemas, debuxos, actividades feitas na aula, etc.....

A proba final de trimestre será obrigatoria para os alumnos que teñan unha media trimestral menor de 4,5 puntos (proba de *recuperación*), e optativa para aqueles alumnos que, estando aprobados (con media trimestral igual ou superior a 4,5 puntos), desexen acadar maior cualificación; para estes alumnos, a cualificación da proba optativa computarase do seguinte xeito:

- unha cualificación menor na proba opcional non se computará na cualificación final do trimestre
- unha cualificación superior na proba opcional si computará na cualificación final do trimestre
- unha cualificación superior na proba opcional, se iguala ou excede en 1 punto a media trimestral, ademais de computar na cualificación final do trimestre, suma a maiores un 10% da cualificación da proba opcional.

Como se recupera unha avaliación non superada?

Un alumno logrará unha cualificación de aprobado nunha avaliación trimestral da materia de Física e Química, se acada unha cualificación trimestral igual ou superior a 4,5 puntos. Aqueles estudantes que non logren esta puntuación, poderán lograr a avaliación positiva mediante unha proba extraordinaria de recuperación que se realizará á maior brevidade posible dende a finalización do trimestre, e que terá o perfil e a estrutura dunha proba escrita de avaliación. Os contidos que se avaliarán nas probas extraordinarias de trimestre (recuperacións trimestrais) son os seguintes:

-Proba extraordinaria da 1ª avaliación: todos os contidos conceptuais e procedementais do 1º trimestre.

-Proba extraordinaria da 2ª avaliación: todos os contidos conceptuais e procedementais do 1º e do 2º trimestre, de tal xeito que os alumnos que teñan suspensa unha das dúas avaliacións só presentarán aquela avaliación que estea suspensa (se presentasen a que está aprobada, a cualificación obtida só se reflectirá no sub-apartado de "aspectos actitudinais" no apartado de observación sistemática do traballo diario do alumno, correspondente ao trimestre no que se realiza a proba); os que teñan as dúas avaliacións suspensas, estarán obrigados a presentar as dúas partes da proba.

-Proba extraordinaria da 3ª avaliación: todos os contidos conceptuais e procedementais do 1º, do 2º e do 3º

trimestre, de tal xeito que os alumnos que teñan suspensa unha ou dúas das tres avaliacións só presentarán as avaliacións suspensas (se presentasen a que está aprobada, a cualificación obtida só se reflectirá no subapartado de “aspectos actitudinais” no apartado de observación sistemática do traballo diario do alumno, correspondente ao derradeiro trimestre do curso); os que teñan as tres avaliacións suspensas, estarán obrigados a presentar as tres partes da proba.

O criterio que se adopta para elaborar e cualificar estas probas terá como referencia os contidos mínimos enumerados na programación do departamento.

A ausencia ás probas extraordinarias de recuperación consignarase como non presentado (NP), e esta situación equivalerá á cualificación numérica mínima se a ausencia ás probas non está xustificada, e á cualificación numérica obtida con anterioridade en caso de ter xustificación.

As prácticas suspensas poderanse recuperar repetindo os informes, que se avaliarán de acordo cos criterios de cualificación correspondentes; e para a actitude será suficiente un cambio da mesma ao longo do curso. Ademais, propoñeranse aos alumnos diversas actividades de reforzo e de recuperación, que serán planificadas e avaliadas polo profesor que ditamine o departamento didáctico.

4.- Procedemento avaliación final

Quen debe ir á avaliación final?

En que consistirá a proba ?

Como se elabora a cualificación final. Ponderación, redondeos, etc?

Que criterios segue o centro para a promoción?

Para aprobar a materia, é requisito ter superadas as tres avaliacións no fin de curso. Aos estudantes que non superasen a avaliación ordinaria, entregaráselles un informe cos obxectivos mínimos non acadados, e actividades recomendadas para cada unidade didáctica. Estes alumnos poderán optar a unha convocatoria de proba extraordinaria que se realizará en setembro (VER APARTADO SEGUINTE).

5.- Procedemento de avaliación extraordinaria

Que tipo de proba se vai aplicar, número de preguntas, valoración de cada unha delas, etc.

Como se cualifica, redondeos, etc?

A proba extraordinaria de setembro, e que se axustará aos obxectivos, contidos e criterios e procedementos de avaliación e cualificación contemplados na programación xeral do departamento didáctico. A proba, de carácter escrito, terá as mesmas características e estrutura que a proba de recuperación do 3º trimestre, e cualificarase da mesma maneira, aplicando o redondeo á unidade.

O criterio que se adopta para elaborar e cualificar esta proba terá como referencia os contidos mínimos enumerados na programación do departamento.

8.- ATENCIÓN A DIVERSIDADE

Medidas de atención á diversidade no presente curso

Calquera adaptación metodolóxica ordinaria ou programa de reforzo adoptárase no momento en que se precise de medidas específicas. Ao desenvolverse estratexias metodolóxicas que teñen en conta a diversidade, e potenciar a aprendizaxe por descubrimento guiado e a combinación de traballo individual e cooperativo, facilítase a adopción rápida de decisións a este respecto. A coordinación cos demais departamentos didácticos e o departamento de orientación será tamén unha estratexia prioritaria para diagnosticar a tempo aquelas características ou circunstancias dos alumnos que podan influír no seu rendemento de traballo na aula e fóra dela.

3º ESO

4. Secuenciación e temporalización

Para a elaboración da presente programación estruturáronse os contidos en 8 unidades didácticas adaptables a un período lectivo de nove meses distribuído en tres trimestres, e organizados de maneira que a súa sucesión permita á vez coherencia e progresión no seu desenvolvemento.

Á hora de planificar a temporalización das 8 unidades didácticas tívose en conta que a Física e Química en 3º de ESO dispón dunha asignación de 2 sesións semanais. Considerouse que o ano académico se inicia na segunda quincena do mes de setembro e debe rematar en datas próximas ao 20 de xuño. Descontando os períodos vacacionais, estímase que o curso ten 66 sesións lectivas, segundo o previsto no calendario escolar do curso académico 2016-2017 (Orde de 7 de xuño de 2016); pero na temporalización real haberá unhas 11 sesións menos, a causa de imprevistos, festivos locais e a realización de probas escritas.

Por tanto, a temporalización para cada unidade didáctica acomodárase sobre a base dunha temporalización global estimada de 55 sesións de clase. Recálcase que a temporalización descrita está deseñada *a priori*, e que non pasa de ser un documento orientativo que se flexibilizará segundo as necesidades concretas do alumnado e en consonancia á programación do departamento didáctico do centro.

A organización e secuenciación das UD deseñadas baséase en criterios epistémicos, psicolóxicos e pedagóxicos no referente á adecuación dos contidos ao coñecemento inicial dos estudantes, e ás súas características psicoevolutivas, motivacións e metas.

Aval.	Unidade	Temporalización
		Mes
1ª	1. A ciencia e a medida	outubro, nov.

CONTIDOS		CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES
CONTIDOS CURRICULARES DA ÁREA	CONTIDOS DA UNIDADE	
<p>BLOQUE 1. A ACTIVIDADE CIENTÍFICA</p> <ul style="list-style-type: none"> • O método científico: as súas etapas. • Medida de magnitudes. Sistema Internacional de Unidades. Notación científica. • Utilización das Tecnoloxías da Información e a Comunicación. • O traballo no laboratorio. • Proxecto de investigación. 	<ul style="list-style-type: none"> • Utilización do vocabulario da unidade na expresión oral e escrita, en exposicións, traballos e informacións. • O método das ciencias experimentais e as súas fases. • Unidades de medidas fundamentais: conversión, equivalencia e uso correcto. • Manexo da calculadora e expresión de resultados numéricos mediante notación científica. • Coñecemento do material básico dun laboratorio e das normas de seguridade. • Resolución de problemas numéricos e de interpretación da información científica que manifesten a comprensión dos conceptos correspondentes á unidade. • Aplicacións tecnolóxicas da investigación científica. • Realización de pequenos traballos de investigación, mediante o método científico, nos que se requira o rexistro e interpretación de datos mediante táboas e gráficos, así como a emisión dun informe científico. 	<p>B1.1. Recoñecer e identificar as características do método científico.</p> <p>B1.2. Valorar a investigación científica e o seu impacto na industria e no desenvolvemento da sociedade.</p> <p>B1.3. Coñecer os procedementos científicos para determinar magnitudes.</p> <p>B1.4. Recoñecer os materiais e instrumentos básicos presentes do laboratorio de Física e de Química; coñecer e respectar as normas de seguridade e de eliminación de residuos para a protección do medio ambiente.</p> <p>B1.5. Interpretar a información sobre temas científicos de carácter divulgativo que aparece en publicacións e medios de comunicación.</p> <p>B1.6. Desenvolver pequenos traballos de investigación nos que se poña en práctica a aplicación do método científico e a utilización do TIC.</p>

<p>BLOQUE 2. A MATERIA</p> <ul style="list-style-type: none"> • Propiedades da materia. 	<ul style="list-style-type: none"> • Identificación da materia e recoñecemento das súas propiedades xerais e características ou específicas. • Relación entre diferentes medidas da materia e comprobación práctica da correspondencia entre elas, como entre a masa e o volume. 	<p>B2.1. (B2.1. do curr. de 2º) Recoñecer as propiedades xerais e características específicas da materia e relacionalas coa súa natureza e as súas aplicacións.</p>
<p>BLOQUE 3. OS CAMBIOS</p> <ul style="list-style-type: none"> • Cambios físicos e cambios químicos. 	<ul style="list-style-type: none"> • Identificación da física e a química como ciencias experimentais. • Identificación e explicación de cambios físicos e químicos baseados en experimentos sinxelos. 	<p>B3.1. (B3.1. do curr. de 2º) Distinguir entre cambios físicos e químicos mediante a realización de experiencias sinxelas que poñan de manifesto se se forman ou non novas sustancias (*).</p>

Aval.	Unidade	Temporalización
		Mes
1ª	2. Os gases e as disolucións	novembro

CONTIDOS		CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES
CONTIDOS CURRICULARES DA ÁREA	CONTIDOS DA UNIDADE	
<p>BLOQUE 1. A ACTIVIDADE CIENTÍFICA</p> <ul style="list-style-type: none"> O método científico: as súas etapas. Medida de magnitudes. Sistema Internacional de Unidades. Notación científica. Utilización das Tecnoloxías da Información e a Comunicación. O traballo no laboratorio. Proxecto de investigación. 	<ul style="list-style-type: none"> Comprensión e descrición de procesos de traballo. Establecemento de relacións entre fenómenos físicos e expresións matemáticas. Aplicación de fórmulas matemáticas á solución de problemas. Comprensión dos procesos que levan a cabo en experiencias relacionadas coa presión, a temperatura e o volume dos gases. Coñecer e utilizar o vocabulario científico propio da área. Proxecto de investigación: comprobación das leis dos gases. 	<p>B1.1. Recoñecer e identificar as características do método científico.</p> <p>B1.2. Valorar a investigación científica e o seu impacto na industria e no desenvolvemento da sociedade.</p> <p>B1.3. Coñecer os procedementos científicos para determinar magnitudes.</p> <p>B1.4. Recoñecer os materiais e instrumentos básicos presentes do laboratorio de Física e de Química; coñecer e respectar as normas de seguridade e de eliminación de residuos para a protección do medio ambiente.</p> <p>B1.5. Interpretar a información sobre temas científicos de carácter divulgativo que aparece en publicacións e medios de comunicación.</p> <p>B1.6. Desenvolver pequenos traballos de investigación nos que se poña en práctica a aplicación do método científico e a utilización do TIC.</p>
<p>BLOQUE 2. A MATERIA</p> <ul style="list-style-type: none"> Propiedades da materia. Leis dos gases Sustancias puras e mesturas. Mesturas de especial interese: disolucións acuosas, aliaxes e coloides. 	<ul style="list-style-type: none"> Os gases. Relación entre cantidade de gas, volume do recipiente que o contén, temperatura e presión. La presión atmosférica. As leis dos gases (lei de Boyle-Mariotte, lei de Gay-Lussac, lei de Charles, lei dos gases ideais). A teoría cinética dos gases. O cero absoluto. A teoría cinética e as leis dos gases. As disolucións. Disolvente e soluto. A concentración das disolucións; disolución diluída e disolución concentrada. Modos de expresar a concentración das disolucións. Porcentaxe en masa. Porcentaxe en volume, Concentración en masa. A solubidade. Disolucións saturadas. A solubidade dos sólidos. A solubidade dos gases. Preparación de disolucións. Cálculos con disolucións. Comprobación das leis dos gases. Solución de problemas.. Interpretación de resultados dun experimento. 	<p>B2.1. (B2.1. do curr. de 2º) Recoñecer as propiedades xerais e características específicas da materia e relacionalas coa súa natureza e as súas aplicacións.</p> <p>B2.2.(B2.2. do curr. de 2º) Xustificar as propiedades dos diferentes estados de agregación da materia e os seus cambios de estado, a través do modelo cinético-molecular.</p> <p>B2.3. (B2.3. do curr. de 2º) Establecer as relacións entre as variables das que depende o estado dun gas a partir de representacións gráficas e/ou táboas de resultados obtidos en, experiencias de laboratorio ou simulacións por computador.</p> <p>B2.4.(B2.4. do curr. de 2º) Identificar sistemas materiais como sustancias puras ou mesturas e valorar a importancia e as aplicacións de mesturas de especial interese.</p>

Aval.	Unidade	Temporalización
		Mes
1ª	3. O átomo	dec., xaneiro

CONTIDOS		CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES
CONTIDOS CURRICULARES DA ÁREA	CONTIDOS DA UNIDADE	
<p>BLOQUE 1. A ACTIVIDADE CIENTÍFICA</p> <ul style="list-style-type: none"> O método científico: as súas etapas. Medida de magnitudes. Sistema Internacional de Unidades. Notación científica. Utilización das Tecnoloxías da Información e a Comunicación. O traballo no laboratorio. Proxecto de investigación. 	<ul style="list-style-type: none"> Comprensión e descrición de procesos de traballo. Establecemento de relacións entre fenómenos físicos ou químicos e expresións matemáticas. Aplicación de fórmulas matemáticas á solución de problemas relacionados coa masa do átomo, a súa carga e as súas dimensións. Comprensión dos procesos que levan a cabo en experiencias relacionadas coa presión, a temperatura e o volume dos gases. Comprensión e utilización do vocabulario científico propio da área. Aplicación de técnicas. Análise do experimento de Robert A. Millikan e Harvey Fletcher. Reflexión sobre a manipulación dos datos dun experimento. Investigación sobre a cor dos átomos. Utilización correcta dos materiais do laboratorio e aplicación de normas de seguridade. 	<p>B1.1. Recoñecer e identificar as características do método científico.</p> <p>B1.2. Valorar a investigación científica e o seu impacto na industria e no desenvolvemento da sociedade.</p> <p>B1.3. Coñecer os procedementos científicos para determinar magnitudes.</p> <p>B1.4. Recoñecer os materiais e instrumentos básicos presentes do laboratorio de Física e de Química; coñecer e respectar as normas de seguridade e de eliminación de residuos para a protección do medio ambiente.</p> <p>B1.5. Interpretar a información sobre temas científicos de carácter divulgativo que aparece en publicacións e medios de comunicación.</p> <p>B1.6. Desenvolver pequenos traballos de investigación nos que se poña en práctica a aplicación do método científico e a utilización do TIC.</p>
<p>BLOQUE 2. A MATERIA</p> <ul style="list-style-type: none"> Estrutura atómica. Isótopos. Modelos atómicos. Masas atómicas e moleculares. O Sistema Periódico dos elementos. 	<ul style="list-style-type: none"> Os átomos. Electróns, protóns e neutróns. Como son os átomos, o núcleo e a cortiza. O tamaño do átomo. Os átomos e a electricidade. Átomos, isótopos e ións. A masa atómica dos elementos químicos. Un átomo máis avanzado. O modelo de átomo de Bohr. O átomo cuantizado. A radioactividade. As emisións radioactivas. A fisión nuclear. A fusión nuclear. Aplicacións dos isótopos radioactivos. Os residuos radioactivos. Comprensión das calidades físicas do átomo. Achegamento intuitivo á ordenación dos elementos químicos. Comprensión da diferenza entre átomos, isótopos e ións. Valoración dos modelos atómicos, para explicar as calidades dos átomos e as súas interaccións. Recoñecemento e aplicación das normas para nomear os elementos químicos. Investigación de Icor dos átomos Análise da chama no laboratorio. 	<p>B2.6.(B2.1. do curr. de 3º) Recoñecer que os modelos atómicos son instrumentos interpretativos das distintas teorías e a necesidade da súa utilización para a interpretación e comprensión da estrutura interna da materia.</p> <p>B2.7.(B2.2. do curr. de 3º) Analizar a utilidade científica e tecnolóxica dos isótopos radioactivos.</p> <p>B2.8. (B2.3. do curr. de 3º) Interpretar a ordenación dos elementos na Táboa Periódica e recoñecer os máis relevantes a partir dos seus símbolos.</p>

Aval.	Unidade	Temporalización
		Mes
1ª	4. Elementos e compostos	xaneiro, feb.

CONTIDOS		CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES
CONTIDOS CURRICULARES DA ÁREA	CONTIDOS DA UNIDADE	
BLOQUE 1. A ACTIVIDADE CIENTÍFICA <ul style="list-style-type: none"> O método científico: as súas etapas. Medida de magnitudes. Sistema Internacional de Unidades. Notación científica. Utilización das Tecnoloxías da Información e a Comunicación. O traballo no laboratorio. Proxecto de investigación. 	<ul style="list-style-type: none"> Comprensión e descrición de procesos de traballo. Comprensión dos procesos que levan a cabo en experiencias científicas. Comprensión e utilización do vocabulario científico propio da área. Investigación sobre a fórmula dun composto: a auga Análise dun espectro; desenvolvemento dun caso práctico. Análise e reflexión sobre posibilidades de que se descubra algún exoplaneta onde exista vida. Utilización correcta dos materiais do laboratorio e aplicación de normas de seguridade. 	<p>B1.1. Recoñecer e identificar as características do método científico.</p> <p>B1.2. Valorar a investigación científica e o seu impacto na industria e no desenvolvemento da sociedade.</p> <p>B1.3. Coñecer os procedementos científicos para determinar magnitudes.</p> <p>B1.4. Recoñecer os materiais e instrumentos básicos presentes do laboratorio de Física e de Química; coñecer e respectar as normas de seguridade e de eliminación de residuos para a protección do medio ambiente.</p> <p>B1.5. Interpretar a información sobre temas científicos de carácter divulgativo que aparece en publicacións e medios de comunicación.</p> <p>B1.6. Desenvolver pequenos traballos de investigación nos que se poña en práctica a aplicación do método científico e a utilización do TIC.</p>
BLOQUE 2. A MATERIA <ul style="list-style-type: none"> Propiedades da materia. O Sistema Periódico dos elementos. Unións entre átomos: moléculas e cristais. Masas atómicas e moleculares. Elementos e compostos de especial interese con aplicacións industriais, tecnolóxicas e biomédicas. Formulación e nomenclatura de compostos binarios seguindo as normas IUPAC. 	<ul style="list-style-type: none"> Elementos e compostos; como son os átomos. Historia dos elementos: Clasificación dos elementos; metais e non metais; tríades, lei das oitavas; a táboa de Mendeleev; outras ordenacións dos elementos. O sistema periódico dos elementos; lectura do sistema periódico, o número atómico dos elementos químicos. Os elementos químicos máis comúns; os elementos químicos da vida. Átomos, moléculas e cristais. Os compostos químicos máis comúns; compostos inorgánicos comúns; compostos orgánicos comúns. Obtención da gasolina e o gasóleo. Comparación entre diferentes modelos de táboas periódicas ao longo da historia. Comprensión das relacións que existen entre os elementos da táboa periódica. Interpretación dos datos que contén a táboa periódica. Análise de datos recolleitos en táboas sobre elementos e compostos químicos. Formulación e nomenclatura de compostos binarios seguindo as normas IUPAC. 	<p>B2.1. (B2.1. do curr. de 2º) Recoñecer as propiedades xerais e características específicas da materia e relacionalas coa súa natureza e as súas aplicacións.</p> <p>B2.2.(B2.2. do curr. de 2º) Xustificar as propiedades dos diferentes estados de agregación da materia e os seus cambios de estado, a través do modelo cinético-molecular (*).</p> <p>B2.6. (B2.1. do curr. de 3º)Recoñecer que os modelos atómicos son instrumentos interpretativos das distintas teorías e a necesidade da súa utilización para a interpretación e comprensión da estrutura interna da materia.</p> <p>B2.8. (B2.3. do curr. de 3º) Interpretar a ordenación dos elementos na Táboa Periódica e recoñecer os máis relevantes a partir dos seus símbolos.</p> <p>B2.9. (B2.4. do curr. de 3º)Coñecer como se unen os átomos para formar estruturas máis complexas e explicar as propiedades das agrupacións resultantes.</p> <p>B2.10. (B2.5. do curr. de 3º)Diferenciar entre átomos e moléculas, e entre elementos e compostos en sustancias de uso frecuente e coñecido.</p> <p>B2.11. (B2.6. do curr. de 3º)Formular e nomear compostos binarios seguindo as normas IUPAC.</p>

Aval.	Unidade	Temporalización
		Mes
2ª	5. A reacción química	febreiro, mar.

CONTIDOS		CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES
CONTIDOS CURRICULARES DA ÁREA	CONTIDOS DA UNIDADE	
BLOQUE 1. A ACTIVIDADE CIENTÍFICA <ul style="list-style-type: none"> O método científico: as súas etapas. Utilización das Tecnoloxías da Información e a Comunicación. O traballo no laboratorio. Proxecto de investigación. 	<ul style="list-style-type: none"> Comprensión e descrición de procesos de traballo: estudo dunha reacción química. Establecemento de relacións entre fenómenos físicos e expresións matemáticas. Aplicación de fórmulas matemáticas á solución de problemas. Comprensión dos procesos que levan a cabo en experiencias relacionadas coa presión, a temperatura e o volume dos gases. Uso do vocabulario científico propio da área. Reflexión sobre como combater a destrución da capa de ozono. Estudo de dúas reaccións químicas visibles: a oxidación do magnesio e a reacción entre o cloruro de hidróxeno e o amoníaco. 	<p>B1.1. Recoñecer e identificar as características do método científico.</p> <p>B1.2. Valorar a investigación científica e o seu impacto na industria e no desenvolvemento da sociedade.</p> <p>B1.3. Coñecer os procedementos científicos para determinar magnitudes.</p> <p>B1.4. Recoñecer os materiais e instrumentos básicos presentes do laboratorio de Física e de Química; coñecer e respectar as normas de seguridade e de eliminación de residuos para a protección do medio ambiente.</p> <p>B1.5. Interpretar a información sobre temas científicos de carácter divulgativo que aparece en publicacións e medios de comunicación.</p> <p>B1.6. Desenvolver pequenos traballos de investigación nos que se poña en práctica a aplicación do método científico e a utilización do TIC.</p>
BLOQUE 2. A MATERIA <ul style="list-style-type: none"> O Sistema Periódico dos elementos. Masas atómicas e moleculares. Formulación e nomenclatura de compostos binarios seguindo as normas IUPAC. 	<ul style="list-style-type: none"> Elementos químicos e compostos. A masa atómica e a masa molecular. A química e o progreso. A química e a agricultura. A química e a alimentación. A química e os novos materiais. 	<p>B2.8. Interpretar a ordenación dos elementos na Táboa Periódica e recoñecer os máis relevantes a partir dos seus símbolos.</p> <p>B2.9. Coñecer como se unen os átomos para formar estruturas máis complexas e explicar as propiedades das agrupacións resultantes.</p> <p>B2.11. Formular e nomear compostos binarios seguindo as normas IUPAC.</p>

- Na súa labor facilitadora e mediadora, o profesor apóiase nas estratexias que considere axeitadas para guiar aos estudantes na evolución das súas observacións, interpretacións e predicións cara as da ciencia escolar. A evolución de ideas terá lugar de modo paulatino, a medida que os que aprenden recoñezan nos construtos científicos un maior poder explicativo (Pozo e Gómez Crespo, 1998). En consecuencia, as actividades deben deseñarse de maneira que favorezan oportunidades e situacións de aula para que os estudantes fagan explícitas, identifiquen e valoren as súas propias ideas, sexan conscientes das dos seus compañeros e das ideas da ciencia escolar.

- Neste sentido, recoméndase organizar un clima de debate na aula mediante o traballo en pequenos grupos, para que os alumnos expoñan ideas, emitan e comuniquen as súas propias hipóteses e conclusións, e elaboren argumentos para xustificalas (Domínguez Castiñeiras, 2007). Esta dinámica participativa, de espírito dialogante, aberto e colaborativo, impulsa o traballo autónomo do alumno, estimula as súas capacidades para o traballo en equipo e, ao mesmo tempo, potencia as destrezas, técnicas e estratexias de indagación e investigación, salientando o carácter experimental da Física e da Química, e favorece a familiarización do alumno coas características da investigación científica.

- Comunicarase unha visión global do coñecemento científico, que integra conceptos, modelos, procedementos, destrezas, técnicas, estratexias, actitudes e valores. Non se debe ignorar ningún destes aspectos; do contrario, ofreceríase unha visión distorsionada da Ciencia, e desperdiciaríanse parte dos valores formativos que xustifican a súa inclusión entre os coñecementos básicos e obrigatorios (Domínguez Castiñeiras, 2007). A metodoloxía que se presenta integra os contidos conceptuais, procedementais e actitudinais de tal maneira que os primeiros se constrúen partindo da andamiaxe dos segundos (Domínguez Castiñeiras, 2000, 2007), e se inclúen, implícitos, os contidos actitudinais que axudarán ao alumnado a desenvolver unha concepción actualizada da Ciencia e da cultura científica.

- Desenvolverase a concepción da Física e da Química como Ciencias experimentais que proporcionan unha potente ferramenta de coñecemento a través da integración dos dominios macroscópico, microscópico e simbólico. A idea da Ciencia como disciplina en constante cambio fomenta a actitude reflexiva diante de fenómenos cualificados como obvios ou inamovibles.

- Incidirase nas vertentes científicas, tecnolóxicas e sociais da Física e da Química, resaltando o carácter dinámico da súa evolución (ligada ás necesidades sociais) e a transcendencia dos avances científicos no progreso da humanidade (dimensión colectiva da actividade científica).

- Transmitirase unha imaxe humanizada das Ciencias que ten en conta o impacto social destas, os aspectos morais e éticos do traballo científico, e o desenvolvemento da creatividade no exercicio das Ciencias (Lemke, 2006). Estas cuestións materializaranse transferindo os contidos á resolución de problemas reais. Deseñarase actividades que presentan situacións problemáticas o máis abertas e

significativas posible (Díaz e Jiménez, 1999), cuxo proceso de resolución permita a reflexión e reestruturación dos construtos da Ciencia, independentemente de que as tarefas sexan de tipo práctico ou teórico (Domínguez, Pro, García-Rodeja e Illobre, 1999). Nesta liña, o deseño das actividades segue un modelo holístico (Caamaño, 1992; do Carmen, 1997). Así, no canto de ensinar directamente as técnicas necesarias para utilizar métodos calorimétricos, propónse utilizar estes como técnicas necesarias para desenvolver estratexias relacionadas coa determinación das transferencias enerxéticas dos procesos físicos e químicos.

- Dado que algunhas ideas alternativas son extraordinariamente resistentes ao cambio, considérase insuficiente o simple enunciado do conflito ou do feito discrepante (Hewson, 1981; Posner et al., 1982): é necesario propoñer actividades capaces de introducir novas ideas, e de axudar a transferilas a distintos contextos utilizando diferentes estratexias. Por isto, as actividades das unidades didácticas parten de situacións, feitos ou fenómenos da realidade observable e o máis cercana posible ás experiencias do alumnado, e ábrese aos construtos teóricos e procedementais da Ciencia e a outras realidades culturais. Proporciónase así a base para formular un problema que, á vez, pon de manifesto a necesidade de formular hipóteses e contrastalas (Díaz e Jiménez, 1999). Recoméndase enfatizar a necesidade de desenvolver os aspectos procedementais: a identificación do problema, a emisión de hipóteses e o establecemento de predicións, o deseño de experiencias a análise dos resultados obtidos, o establecemento de conclusións coherentes co proceso de investigación, e a crítica dos resultados e as conclusións obtidas. Este é un punto de partida para que o alumnado perciba a importancia de formular teorías, e discuta as limitacións e o poder explicativo das mesmas, e as causas da súa aceptación ou rexeitamento. As destrezas cognitivas de razoamento e argumentación son ferramentas para a elaboración e comunicación de discursos explicativos, xustificativos e predictivos.

- A introdución de problemas teóricos permite relacionar o nivel observacional co explicativo mediante proposicións que permiten confrontar a linguaxe cotiá coa linguaxe científica e introducir esta na aula. Valorárase o emprego da linguaxe científica como ferramenta para o entendemento da comunidade científica, e buscarase concienciar sobre a necesidade de adaptar as ferramentas da comunicación lingüística ao contexto comunicativo.

2. Estratexias metodolóxicas

As mesmas que en segundo curso.

3. Secuenciación habitual de traballo na aula

A mesma que no segundo curso.

1. Espazos

Os espazos necesarios para poder desenvolver os contidos da Física e Química de 3º de ESO son unha aula, un laboratorio, unha biblioteca e unha aula de informática.

Outras instalacións do centro, como as salas de usos múltiples ou as aulas reducidas, poden resultar interesantes para o desenvolvemento de actividades en cooperación con outros departamentos didácticos. En todo caso, a organización e a utilización dos espazos do centro deben estar coordinadas cos distintos departamentos, en función das distintas actividades a desenvolver.

2. Materiais e recursos didácticos

Na actualidade, a grande variedade de materiais didácticos dispoñibles permite adaptar a intervención de aula aos distintos estilos de aprendizaxe dos alumnos, ao tempo que axuda á realidade educativa a responder ás necesidades e expectativas da sociedade tecnolóxica actual.

Tentarase utilizar unha ampla e variada gama de materiais didácticos, buscando en cada momento o tipo de recurso máis axeitado para cada contido. En todo caso, os materiais empregados deben ser motivadores, novidosos e actualizados.

Entre os materiais didácticos máis útiles para o desenvolvemento dos contidos da materia de Física e Química destacan:

- * **Materiais impresos:** Entre eles, o libro de texto seleccionado polo departamento didáctico será un recurso primordial, aínda que a súa adopción na intervención docente non debe ser automática, irreflexiva nin superficial. Debe terse en conta que moitos libros de texto conteñen erros reseñables, e están cheos de exercicios pechados, algorítmicos e pouco relevantes para o alumnado (Otero, 1990; Tamir e García, 1992; do Carmen e Jiménez, 1997; Campanario, 2001, 2003). É tarefa do profesor solventar estas carencias, dinamizar os contidos e seleccionar e transformar as actividades de xeito que promovan unha aprendizaxe significativa. Como referencia de materiais que se prestan doadamente a estas labores, utilizarase o libro de texto da editoría Santillana para 3º ESO, de máis recente publicación. Ademais do libro de texto, tomaranse en consideración soportes escritos como fotocopias, transparencias... así como diverso material impreso da biblioteca, da prensa escrita convencional e de revistas de divulgación científica.

- * **Caderno do alumno:** É unha ferramenta fundamental de traballo individual dos alumnos, tanto na aula coma fóra dela.

- * **Simulacións por ordenador:** Este recurso, así como os diversos recursos audiovisuais (Mas, Paniagua, Vilaseca e Barbosa, 1991; Llitjós, Estopa e Miró, 1994), serán útiles para reproducir esquemas, animacións e todo tipo de situacións nas que o encerado resulte insuficiente. As simulacións ofrecen unha posibilidade de visualización dinámica, significativa e motivadora para moitos contidos da materia.

- * **Novas tecnoloxías:** Axeitadamente dirixidas, as novas tecnoloxías están a proporcionar, dende os anos noventa, útiles recursos técnicos e comunicativos (Barberá e Sanjosé, 1990; Valente e Neto, 1992; Herrán e Parrilla, 1994; Pontes, 1999). Recorreráse a eles a fin de eliminar as barreiras espazo-temporais entre o profesor e o alumno, e para flexibilizar e ampliar a oferta educativa. A este respecto, tanto o *software* educativo como os portais informativos e as *webquest* son ferramentas axeitadas para favorecer a autoaprendizaxe e a interacción entre os protagonistas do contorno educativo. Ademais, os recursos relacionados coas novas tecnoloxías (como a pizarra dixital) axudan a potenciar a adaptación individualizada do contorno ás características e motivacións dos alumnos con necesidades educativas específicas. No Decreto 86/2015 especificábase que as TIC serán unha ferramenta necesaria para a aprendizaxe en todas as materias, tanto polo seu carácter imprescindible na educación superior como pola súa utilidade e relevancia para a vida cotiá e a inserción laboral.

- * **Laboratorio:** O traballo de laboratorio é imprescindible nunha materia experimental como a Física e Química, ademais de servir de estímulo para a creatividade e a curiosidade.

Independentemente do soporte material co que se leven á aula, existen argumentos máis que suficientes para respaldar a importancia que ten a resolución de problemas na aprendizaxe das Ciencias (Garret, 1988, 1995; Díaz, 1999; Díaz e Jiménez, 1999; Perales, 1993; Perales, 2000; Pro, 2003), en especial no que se refire á aprendizaxe dos aspectos procedementais.

Enténdese por problemas aquelas situacións que propoñen dificultades para as que non existen solucións únicas e establecidas de antemán. A autenticidade dun problema vén determinada por dúas compoñentes (Duschl e Gitomer, 1996):

- ▶ **O contexto dos problemas:** pódese utilizar para aproveitar a necesidade que sinten os alumnos de relacionar as cuestións co seu coñecemento actual, para abordarlas e traballar sobre elas utilizando as súas propias ferramentas cognitivas. Isto condiciona a deseñar os problemas de maneira que se sitúen nas ZDP dos que aprenden; do contrario, ou non existe tal problema, ou en todo caso no cabe esperar que este xere aprendizaxe (Díaz, 1999).

► Os datos e probas: a resolución dun problema auténtico require o establecemento de relacións sucesivas entre datos e teoría (Jiménez Aleixandre, 2003). Para elaborar estes razoamentos, os alumnos adoptarán a linguaxe científica, o que os introduce na comunidade de discurso da cultura científica.

Garret (1988, 1995) e Perales (2000) advirten que a resolución dos problemas auténticos non debería ocupar un espazo desproporcionado con respecto ás necesidades de ensinanza e aprendizaxe, tendo en conta a disciplina obxecto de estudo e as características dos estudantes e do docente.

As destrezas que se traballan cos problemas refórzanse mediante outras tarefas de aprendizaxe, coma os traballos prácticos, que permiten desenvolver competencias no traballo científico e habilidades na investigación, extender o coñecemento a través de novas experiencias, facilitar o contacto con fenómenos reais, dar a oportunidade de explorar a extensión e os límites das teorías, e desenvolver destrezas específicas como a observación e a manipulación, e, máis aló dos contidos procedementais, permiten poñer en xogo conceptos, teorías e actitudes (Caamaño, 1992). Lémbrese que, epistemolóxicamente e psicolóxicamente, os ámbitos conceptual e procedemental están estreitamente interrelacionados (Pozo e Gómez Crespo, 1998), e por isto no se poden considerar independentes nin desvinculados: non hai experimentos sen contidos conceptuais e procedementais asociados (Pro, 1998, 2003).

2. Procedementos de avaliación inicial

En que data se realizará?

En que consistirá? (proba tipo test, preguntas e respostas, confección de mapas, gráficas, etc relacionados cos estándares?)

Como se informará á familia?

Cales serán as consecuencias dos resultados?

Haberá dous tipos de avaliación inicial:

- **Xeral:** Farase a principios de curso (no mes de outubro), coa finalidade de coñecer capacidades dos alumnos (compresión, expresión, razoamento dedutivo, tenacidade no traballo, atención...).

Basearase na proba do primeiro tema, nas tarefas individuais e das observacións de clase.

Toda esta información será contrastada na xuntanza da avaliación inicial coa do resto de profesores do curso e a proporcionada polo departamento de orientación.

A información desta avaliación será utilizada para intentar paliar as debilidades de cada alumno e potenciar e utilizar as súas fortalezas. Tamén se terá en conta á hora da formación dos grupos de traballo, buscando a heteroxeneidade e fomentando o traballo cooperativo.

- **De tema/UD:** Haberá temas (UDs ou determinados contidos das UD) nos que os alumnos xa teñan concepto previos. A avaliación inicial farase ó principio de cada tema, coa finalidade de explicitar eses conceptos previos. Esta parte da avaliación inicial farase como unha actividade dentro do propio tema e a partir da cal deseñar actividades que vaian levando ó alumno ó cambio conceptual.

Os plans de actuación, que serán corroborados polos titores dos alumnos, así como polos equipos docente e directivo do centro, buscarán a adaptación que responda o máis axeitadamente posible ás características e circunstancias persoais e familiares do alumno; en todo caso, implicarán a necesaria orientación aos titores para o seguimento da evolución da aprendizaxe do estudante. A comunicación

3.- Procedemento avaliación continua

A avaliación é un proceso estimativo e investigador, mediante o que se valora a acción educativa, fanse propostas de mellora ou adaptación, e apórtanse conclusións sobre o desenvolvemento dos procesos educativos e o grao de consecución dos obxectivos fixados. Está en continua revisión e reflexión, e non debe confundirse cos rendementos finais, nin reducirse a momentos illados (Jorba e Sanmartí, 1996).

A avaliación é un elemento máis do currículo e debe traballarse en paralelo cos demais elementos curriculares. A información que se obtén con ela é accesible tanto ao profesorado, como ao alumnado e aos titores legais dos alumnos menores de idade.

Dado que os referentes para a avaliación da construción do coñecemento son os criterios de avaliación e a súa concreción nos estándares de aprendizaxe avaliábeis, a avaliación na etapa de ESO ten funcións cuantitativa, cualitativa e orientadora, e fundaméntase nos principios de individualización, continuidade, sistematicidade e adaptabilidade. Trátase de determinar o máis organizada, minuciosa e flexiblemente posible a aprendizaxe, valorada en función das características de cada estudante, en termos do grao de consecución dos obxectivos que se acadan, da evolución dos coñecementos e o nivel competencial alcanzado, atendendo á temporalización prevista. As condicións de realización da avaliación adaptáranse ás características do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

A avaliación do alumnado debe ser global e integral, de acordo coa perspectiva da aprendizaxe por competencias. Algúns estándares de aprendizaxe refírense a aspectos que se avaliarán en UD's concretas, mentres que outros se avaliarán en todas e cada unha das UD's. Estes criterios de avaliación comúns son:

- ✓ Asimilación de conceptos, hipóteses e teorías científicas, e a súa aplicación á resolución de problemas auténticos que se refiren a diferentes contextos.
- ✓ Conciencia e coñecemento sobre a importancia dos fenómenos químicos e as súas aplicacións aos individuos e ás sociedades.
- ✓ Formulación e contraste de hipóteses baseadas no coñecemento científico, co establecemento dun plan de traballo para abordar a resolución de problemas.
- ✓ Planificación e realización de pequenas investigacións.
- ✓ Busca sistemática e reflexiva de información, control da calidade da documentación e a discusión sobre a veracidade das fontes.
- ✓ Análise, síntese e contraste da información científica. Realizar descripcións, interpretacións e predicións científicas a partir de datos e probas.
- ✓ Interpretación dos datos e probas (significado, aplicabilidade, limitacións), tanto se foron dados previamente coma se foron resultado do traballo do alumno.
- ✓ Capacidade para explicar, interpretar e expresar a información científica.
- ✓ Observación e reflexión sobre os acontecementos que suceden durante o desenvolvemento dunha actividade e sobre o proceso de resolución das tarefas.
- ✓ Deseño, elaboración e comunicación de esquemas e informes claros e concisos, orais ou escritos, sobre o desenvolvemento e conclusións das tarefas.
- ✓ Manipulación axeitada dos instrumentos e materiais necesarios para o desenvolvemento das actividades, aplicando medidas de prevención de riscos e traballando coas TIC para a procura de información, a simulación de probas prácticas, a obtención e tratamento de datos e a elaboración de informes.
- ✓ Coidado e respecto polo material de aprendizaxe, polos recursos didácticos relacionados coas TIC e polo instrumental de laboratorio.
- ✓ Interese pola aprendizaxe das Ciencias e pola divulgación do coñecemento en xeral. Implicación na boa marcha das clases e na creación dun clima de aula aberto, participativo, cordial e democrático.
- ✓ Rigor, dilixencia e independencia de pensamento na realización das tarefas.
- ✓ Cooperación e actitudes positivas: disposición dialogante, participativa e aberto a ideas, asertividade e regulación das emocións na interacción cos demais.

Con que temporalización se farán probas escritas (cada tema, dous, tres, cantas por trimestre ou avaliación, etc.?)

Estímanse unhas dúas ou tres probas escritas por trimestre, con un mínimo de dúas. Nas probas escritas de final de UD, os contidos obxecto de avaliación serán todos os contidos conceptuais e procedementais traballados ata o momento.

Como se cualifican as probas, traballos individuais ou colectivos, traballo no caderno, observación.

Ponderación, redondeo, ...

Como se fai a media de cada unha das avaliacións? Ponderación, redondeo,

Que aspectos se van a valorar dentro da observación do traballo na aula?

Como se recupera unha proba non superada?

A avaliación debe ser un proceso flexible no sentido de que, en función dos obxectivos trazados, debe servirse dunha ampla diversidade de técnicas e instrumentos de rexistro, modificándoos cando sexa necesario para adaptalos mellor ás necesidades dos alumnos.

En todo caso, considérase indispensable o criterio do departamento didáctico para calcular a carga porcentual de cada tipo de contido na cualificación final. Por isto, na presente programación apúntanse estimacións aproximadas do peso porcentual de cada aspecto a avaliar, tendo en conta os instrumentos de avaliación utilizados.

Os instrumentos que se utilizarán para avaliar a aprendizaxe son:

✓ Observación sistemática do traballo diario do alumno: refírese fundamentalmente á comprensión de ideas e aos aspectos procedementais (coherencia na expresión, manexo do vocabulario axeitado, utilización de argumentos científicos na construción de razoamentos) e actitudinais, como a asistencia regular e a puntualidade, a atención e o interese cara a aprendizaxe, o respecto polas normas de convivencia, o grao de participación nos traballos, o esforzo, a limpeza e a orde, o coidado do material... Teranse en conta aquelas circunstancias persoais do alumno que poden ter incidencia na aprendizaxe: a idade, as necesidades específicas de apoio educativo, as condicións familiares, ou a autoestima e o *status* do alumno nas relacións grupais, son factores que condicionan a adquisición de competencias.

✓ Revisión das actividades de aula, tanto das realizadas nos cadernos dos alumnos coma nos traballos bibliográficos individuais e grupais. Valoraranse a comprensión e reflexión no desenvolvemento das actividades, xunto coa selección e o contraste da información e aspectos relacionados coa capacidade de síntese, a presentación, a corrección e a soltura na expresión escrita; tamén se avaliarán os bos hábitos de traballo persoal (constancia, perseverancia, responsabilidade, interese, curiosidade e espírito crítico) e grupal (participatividade, colaboratividade, solidariedade, disposición dialogante e aberta ao traballo, ideas e estilos de aprendizaxe dos demais).

✓ Revisión das actividades prácticas de laboratorio: a valoración das prácticas será o resultado de valorar a actitude no traballo, xunto coas habilidades e destrezas, e os informes individuais de prácticas. Na cualificación dos informes teranse en conta os aspectos instrumentais, o tratamento dos datos e a análise e discusión dos resultados.

✓ Probas orais periódicas para comprobar o grao de implicación na aprendizaxe e o ritmo de traballo dos alumnos.

✓ Probas escritas:

A cualificación, distinta da avaliación, consiste na cuantificación das aprendizaxes realizadas. A cualificación da materia de Física e Química obterase por redondeo, ás unidades, da media aritmética simple das cualificacións trimestrais, cada unha das cales estará representada por un número enteiro entre 0 e 10. A cualificación trimestral calcularase a partir da ponderación das cualificacións parciais que se obteñan para os distintos aspectos avaliados, cada un dos cales se puntuará de 0 a 10 con ata dúas cifras decimais de aproximación. A estas cualificacións parciais se aplicará a clave porcentual que se indica a continuación, para achar a cualificación trimestral, que se transformará en número enteiro por redondeo.

✓ A observación sistemática do traballo diario do alumno contará en total un 10 % da cualificación trimestral, por suma do 5 % da nota que será función dos aspectos procedementais, e outro 5 % para os actitudinais.

✓ A revisión das actividades de aula representará un 20% da cualificación trimestral: o desempeño demostrado na resolución das tarefas de tipo actividades escritas (cuestións, exercicios, problemas) contará un 10 %, e o desenvolvemento dos contidos mediante textos, esquemas e mapas conceptuais contará outro 10 %. Para a cualificación das actividades orais, darase prioridade á participación e actitudes no traballo grupal, á creatividade e á demostración de continuidade e reflexión no estudo. En canto ás actividades escritas, primará o grao de eficacia na elaboración das estratexias de resolución de problemas, a capacidade de síntese e a corrección e soltura na expresión escrita. Penalizaranse con -0,5 puntos cada día de tardanza na entrega do caderno, a deficiente presentación do mesmo e o deficiente desempeño nas actividades e desenvolvemento dos contidos; salvo que o alumno presente un xustificante no que aporte razóns de forza maior, o que lle permitirá retrasar a entrega tantos días como indique o xustificante. Consideraranse razóns de forza maior os

problemas de saúde do alumno, sempre e cando este aporte un certificado médico ao respecto; e asuntos persoais ou familiares de gravidade, como a defunción dun familiar directo, a celebración dun xuízo no que se vexa involucrado o alumno, unha catástrofe natural que afecte economicamente á familia, etc. Valorarase cada caso en función da súa gravidade.

As actividades de aplicación son moi interesantes para obter datos sobre a evolución das ideas dos estudantes e sobre a súa relación coa consecución dos obxectivos e o grao de adquisición de competencias. Como estas actividades están deseñadas de maneira que o alumnado transfira os seus coñecementos á explicación de novos feitos e fenómenos, a avaliación permite comprobar como e ata que punto fan significativo o novo coñecemento na resolución de cuestións de base científica.

✓ A revisión das actividades prácticas de laboratorio sumará ata un 10 % da cualificación trimestral, tendo en conta os aspectos conceptuais (4 %), procedementais (4 %) e actitudinais (2 %) demostrados no laboratorio. A calidade dos informes individuais de prácticas incluírá a valoración dos aspectos instrumentais e o tratamento dos datos experimentais, a análise e discusión dos resultados obtidos, e a claridade organizativa e expositiva do informe en si. Penalizarase con -0,5 puntos cada día de tardanza na entrega do informe, salvo razóns de forza maior (como xa se explicou previamente).

✓ As probas orais periódicas sumarán ata un 10% da cualificación trimestral.

✓ As probas escritas recibirán un 50 % da cualificación trimestral, como media aritmética simple das probas realizadas ao final de cada UD. A ausencia non xustificada a unha sesión de proba escrita computará como un 0 na cualificación da mesma. A ausencia xustificada por razón de forza maior resolverase cunha nova convocatoria de proba, á maior brevidade posible, e a dificultade das tarefas será comparable ao da proba orixinal.

Como se recupera unha avaliación non superada?

Un alumno logrará unha cualificación de aprobado nunha avaliación trimestral da materia de Física e Química, se acada unha cualificación trimestral igual ou superior a 5 puntos. Aqueles estudantes que non logren esta puntuación, poderán lograr a avaliación positiva mediante unha proba extraordinaria de recuperación que se realizará á maior brevidade posible dende a finalización do trimestre, e que terá o perfil e a estrutura dunha proba escrita de avaliación. Os contidos que se avaliarán nas probas extraordinarias de trimestre (recuperacións trimestrais) son os seguintes:

-Proba extraordinaria da 1ª avaliación: todos os contidos conceptuais e procedementais do 1º trimestre.

-Proba extraordinaria da 2ª avaliación: todos os contidos conceptuais e procedementais do 1º e do 2º trimestre, de tal xeito que os alumnos que teñan suspensa unha das dúas avaliacións só presentarán aquela avaliación que estea suspensa (se presentasen a que está aprobada, a cualificación obtida só se reflectirá no sub-apartado de "aspectos actitudinais" no apartado de observación sistemática do traballo diario do alumno, correspondente ao trimestre no que se realiza a proba); os que teñan as dúas avaliacións suspensas, estarán obrigados a presentar as dúas partes da proba.

-Proba extraordinaria da 3ª avaliación: todos os contidos conceptuais e procedementais do 1º, do 2º e do 3º trimestre, de tal xeito que os alumnos que teñan suspensa unha ou dúas das tres avaliacións só presentarán as avaliacións suspensas (se presentasen a que está aprobada, a cualificación obtida só se reflectirá no sub-apartado de "aspectos actitudinais" no apartado de observación sistemática do traballo diario do alumno, correspondente ao derradeiro trimestre do curso); os que teñan as tres avaliacións suspensas, estarán obrigados a presentar as tres partes da proba.

O criterio que se adopta para elaborar e cualificar estas probas terá como referencia os contidos mínimos enumerados na programación do departamento.

A ausencia ás probas extraordinarias de recuperación consignarase como non presentado (NP), e esta situación equivalerá á cualificación numérica mínima se a ausencia ás probas non está xustificada, e á cualificación numérica obtida con anterioridade en caso de ter xustificación.

As prácticas suspensas poderanse recuperar repetindo os informes, que se avaliarán de acordo cos criterios de cualificación correspondentes; e para a actitude será suficiente un cambio da mesma ao longo do curso. Ademais, propoñeranse aos alumnos diversas actividades de reforzo e de recuperación, que serán planificadas e avaliadas polo profesor que ditamine o departamento didáctico.

Quen debe ir á avaliación final?

En que consistirá a proba ?

Que estándares se van avaliar?

Como se elabora a cualificación final. Ponderación, redondeos, etc?

Que criterios segue o centro para a promoción?

Para aprobar a materia, é requisito ter superadas as tres avaliacións no fin de curso. Aos estudantes que non superasen a avaliación ordinaria, entregaráselles un informe cos obxectivos mínimos non acadados, e actividades recomendadas para cada unidade didáctica. Estes alumnos poderán optar a unha convocatoria de proba extraordinaria que se realizará en setembro (VER APARTADO SEGUINTE).

5.- Procedemento de avaliación extraordinaria

Que tipo de proba se vai aplicar, número de preguntas, valoración de cada unha delas, etc.

Como se cualifica, redondeos, etc?

A proba extraordinaria de setembro, e que se axustará aos obxectivos, contidos e criterios e procedementos de avaliación e cualificación contemplados na programación xeral do departamento didáctico. A proba, de carácter escrito, terá as mesmas características e estrutura que a proba de recuperación do 3º trimestre, e cualificarase da mesma maneira, aplicando o redondeo á unidade.

O criterio que se adopta para elaborar e cualificar esta proba terá como referencia os contidos mínimos enumerados na programación do departamento.

8.- ATENCIÓN A DIVERSIDADE

Medidas de atención á diversidade no presente curso

Calquera adaptación metodolóxica ordinaria ou programa de reforzo adoptarase no momento en que se precise de medidas específicas. Ao desenvolverse estratexias metodolóxicas que teñen en conta a diversidade, e potenciar a aprendizaxe por descubrimento guiado e a combinación de traballo individual e cooperativo, facilítase a adopción rápida de decisións a este respecto. A coordinación cos demais departamentos didácticos e o departamento de orientación será tamén unha estratexia prioritaria para diagnosticar a tempo aquelas características ou circunstancias dos alumnos que podan influír no seu rendemento de traballo na aula e fóra dela. Neste curso académico non se considera necesario de momento as medidas de atención a diversidade.

4º ESO

4. Secuenciación e temporalización

Para a elaboración da presente programación estruturáronse os contidos en 12 unidades didácticas adaptables a un período lectivo de nove meses distribuído en tres trimestres, e organizados de maneira que a súa sucesión permita á vez coherencia e progresión no seu desenvolvemento.

Á hora de planificar a temporalización das 12 unidades didácticas tívose en conta que a Física e Química en 2º de ESO dispón dunha asignación de 3 sesións semanais. Considerouse que o ano académico se inicia na segunda quincena do mes de setembro e debe rematar en datas próximas ao 20 de xuño. Descontando os períodos vacacionais, estímase que o curso ten 94 sesións lectivas, segundo o previsto no calendario escolar do curso académico 2016-2017 (Orde de 7 de xuño de 2016); pero na temporalización real haberá unhas 18 sesións menos, a causa de imprevistos, festivos locais e a realización de probas escritas.

Por tanto, a temporalización para cada unidade didáctica acomodárase sobre a base dunha temporalización global estimada de 76 sesións de clase. Recálcase que a temporalización descrita está deseñada *a priori*, e que non pasa de ser un documento orientativo que se flexibilizará segundo as necesidades concretas do alumnado e en consonancia á programación do departamento didáctico do centro.

A organización e secuenciación das UD deseñadas baséase en criterios epistémicos, psicolóxicos e pedagóxicos no referente á adecuación dos contidos ao coñecemento inicial dos estudantes, e ás súas características psicoevolutivas, motivacións e metas.

Aval.	Unidade	Temporalización
		Mes
1ª	1. Magnitudes e unidades	outubro

CONTIDOS		CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES
CONTIDOS CURRICULARES DO CURSO	CONTIDOS DA UNIDADE	
<p>BLOQUE 1. A ACTIVIDADE CIENTÍFICA</p> <ul style="list-style-type: none"> • A investigación científica. • Magnitudes escalares e vectoriais. • Magnitudes fundamentais e derivadas. Ecuación de dimensións. • Erros na medida. • Expresión de resultados. • Análise dos datos experimentais. • Tecnoloxías da Información e a Comunicación no traballo científico. • Proxecto de investigación. 	<ul style="list-style-type: none"> • A investigación científica. • As magnitudes. • A medida e o seu erro. • A análise de datos. • Procura, selección e organización de información a partir de textos e imaxes para completar as súas actividades e responder a preguntas. • Interpretación de resultados experimentais. • Contraste dunha teoría con datos experimentais. • Cálculo de medidas directas e indirectas. • Estimación do erro das medidas (absoluto e relativo). • Coñecemento dos procedementos para a determinación das magnitudes. • Análise de datos a partir da interpretación de táboas e gráficos. • Realización de proxectos de investigación e reflexión sobre os procesos seguidos e os resultados obtidos. • Utilización do TIC para a realización de tarefas e a análise de resultados. • Apreciación da importancia da investigación para o avance da ciencia. • Valoración do traballo de procura de información en diversas fontes. 	<p>B1-1. Recoñecer que a investigación en ciencia é un labor colectivo e interdisciplinar en constante evolución e influída polo contexto económico e político.</p> <p>B1-2. Analizar o proceso que debe seguir unha hipótese desde que se formula ata que é aprobada pola comunidade científica.</p> <p>B1-3. Comprobar a necesidade de usar vectores para a definición de determinadas magnitudes.</p> <p>B1-4. Relacionar as magnitudes fundamentais coas derivadas a través de ecuacións de magnitudes.</p> <p>B1-5. Comprender que non é posible realizar medidas sen cometer erros e distinguir entre erro absoluto e relativo.</p> <p>B1-6. Expresar o valor dunha medida usando o redondeo e o número de cifras significativas correctas.</p> <p>B1-7. Realizar e interpretar representacións gráficas de procesos físicos ou químicos a partir de táboas de datos e das leis ou principios involucrados.</p> <p>B1-8. Elaborar e defender un proxecto de investigación, aplicando o TIC.</p>

Aval.	Unidade	Temporalización
		Mes
1ª	2. Átomos e sistema periódico	novembro

CONTIDOS		CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES
CONTIDOS CURRICULARES DO CURSO	CONTIDOS DA UNIDADE	
BLOQUE 1. A ACTIVIDADE CIENTÍFICA <ul style="list-style-type: none"> • A investigación científica. • Expresión de resultados. • Análise dos datos experimentais. • Tecnoloxías da Información e a Comunicación no traballo científico. • Proxecto de investigación. 	<ul style="list-style-type: none"> • A investigación científica. • Procura, selección e organización de información a partir de textos e imaxes para completar as súas actividades e responder a preguntas. • Interpretación de resultados experimentais. • Contraste dunha teoría con datos experimentais. • Apreciación da importancia da investigación para o avance da ciencia. 	B1-2. Analizar o proceso que debe seguir unha hipótese desde que se formula ata que é aprobada pola comunidade científica.
BLOQUE 2. A MATERIA <ul style="list-style-type: none"> • Modelos atómicos. • Sistema Periódico e configuración electrónica. • Formulación e nomenclatura de compostos inorgánicos segundo as normas IUPAC. 	<ul style="list-style-type: none"> • As partículas do átomo. • Modelos atómicos. • Distribución dos electróns nun átomo. • O sistema periódico dos elementos. • Propiedades periódicas dos elementos. • Identificación das partículas do átomo. • Descrición do descubrimento das distintas partículas do átomo (electrón, protón e neutrón). • Comparación dos diferentes modelos atómicos. • Análise da configuración dos electróns nun átomo. • Distinción dos elementos entre metais, non metais, semimetais e gases nobres. • Manexo do sistema periódico. • Análise das propiedades dos metais no laboratorio. 	B2-1. Recoñecer a necesidade de usar modelos para interpretar a estrutura da materia utilizando aplicacións virtuais interactivas para a súa representación e identificación. B2-2. Relacionar as propiedades dun elemento coa súa posición na Táboa Periódica e a súa configuración electrónica. B2-3. Agrupar por familias os elementos representativos e os elementos de transición segundo as recomendacións da IUPAC.

Aval.	Unidade	Temporalización
		Mes
1ª	3. Enlace químico	Novembro, dec.

CONTIDOS		CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES
CONTIDOS CURRICULARES DO CURSO	CONTIDOS DA UNIDADE	
BLOQUE 1. A ACTIVIDADE CIENTÍFICA <ul style="list-style-type: none"> • A investigación científica. • Expresión de resultados. • Análise dos datos experimentais. • Tecnoloxías da Información e a Comunicación no traballo científico. • Proxecto de investigación. 	<ul style="list-style-type: none"> • Procura, selección e organización de información a partir de textos e imaxes para completar as súas actividades e responder a preguntas. • Interpretación de resultados experimentais. • Contraste dunha teoría con datos experimentais. • Análise de datos a partir da interpretación de táboas e gráficos. • Realización de proxectos de investigación e reflexión sobre os procesos seguidos e os resultados obtidos. • Utilización do TIC para a realización de tarefas e a análise de resultados. • Apreciación da importancia da investigación para o avance da ciencia. • Valoración do traballo de procura de información en diversas fontes. 	B1-1. Recoñecer que a investigación en ciencia é un labor colectivo e interdisciplinar en constante evolución e influída polo contexto económico e político. B1-8. Elaborar e defender un proxecto de investigación, aplicando o TIC.
BLOQUE 2. A MATERIA <ul style="list-style-type: none"> • Enlace químico: iónico, covalente e metálico. • Forzas intermoleculares. • Formulación e nomenclatura de compostos inorgánicos segundo as normas IUPAC. • Introducción á química orgánica. 	<ul style="list-style-type: none"> • Enlace químico nas sustancias. • Tipos de enlace entre átomos. • Enlaces iónicos, covalentes e metálicos. • Enlaces con moléculas. • Propiedades das sustancias e enlace. • Identificación do enlace químico nas sustancias (átomos e moléculas). • Representación da estrutura de Lewis. • Recoñecemento dos tipos de enlaces entre átomos (iónico, covalente, metálico) e entre moléculas. • Análise dos enlaces iónicos, covalentes, metálicos e intermoleculares. • Análise das moléculas e a solubilidade dos compostos iónicos. • Descrición da solubilidade das sustancias covalentes. • Análise de como limpa o xabón. • Identificación das propiedades das sustancias dependendo do tipo de enlace. • Relación das propiedades dunha sustancia co tipo de enlace. • Comprobación no laboratorio das propiedades de sustancias iónicas, covalentes e metálicas. 	B2-4. Interpretar os distintos tipos de enlace químico a partir da configuración electrónica dos elementos implicados e a súa posición na Táboa Periódica. B2-5. Xustificar as propiedades dunha sustancia a partir da natureza do seu enlace químico. B2-6. Nomear e formular compostos inorgánicos ternarios segundo as normas da IUPAC. B2-7. Recoñecer a influencia das forzas intermoleculares no estado de agregación e propiedades de sustancias de interese.

Aval.	Unidade	Temporalización
		Mes
2ª	4. Química do carbono	dec., xaneiro

CONTIDOS		CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES
CONTIDOS CURRICULARES DA ETAPA	CONTIDOS DA UNIDADE	
BLOQUE 1. A ACTIVIDADE CIENTÍFICA <ul style="list-style-type: none"> • A investigación científica. • Expresión de resultados. • Análise dos datos experimentais. • Tecnoloxías da Información e a Comunicación no traballo científico. • Proxecto de investigación. 	<ul style="list-style-type: none"> • Procura, selección e organización de información a partir de textos e imaxes para completar as súas actividades e responder a preguntas. • Interpretación de resultados experimentais. • Contraste dunha teoría con datos experimentais. • Análise de datos a partir da interpretación de táboas e gráficos. • Realización de proxectos de investigación e reflexión sobre os procesos seguidos e os resultados obtidos. • Utilización do TIC para a realización de tarefas e a análise de resultados. • Apreciación da importancia da investigación para o avance da ciencia. • Valoración do traballo de procura de información en diversas fontes. 	B1-1. Recoñecer que a investigación en ciencia é un labor colectivo e interdisciplinar en constante evolución e influída polo contexto económico e político. B1-8. Elaborar e defender un proxecto de investigación, aplicando o TIC.
BLOQUE 2. A MATERIA Introducción á química orgánica.	<ul style="list-style-type: none"> • Os compostos do carbono. • Os hidrocarburos. • Compostos osixenados. • Compostos nitroxenados. • Compostos orgánicos de interese biolóxico. • Identificación dos compostos do carbono. • Escritura de fórmulas desenvolvidas, semidesenvolvidas e moleculares. • Recoñecemento dos grupos funcionais. • Asociación das distintas formas alotrópicas do carbono coas súas propiedades. • Representación de hidrocarburos mediante a súa fórmula molecular, semidesenvolvida e desenvolvida. • Recoñecemento dalgunhas aplicacións dos hidrocarburos. • Recoñecemento das fórmulas de alcois, aldehidos, cetonas, acedos carboxílicos, ésteres e aminas. • Identificación de compostos orgánicos de interese biolóxico. • Interpretación de fórmulas de compostos orgánicos. • Identificación dun composto orgánico a partir da súa fórmula. 	B2-8. Establecer as razóns da singularidade do carbono e valorar a súa importancia na constitución dun elevado número de compostos naturais e sintéticos. B2-9. Identificar e representar hidrocarburos sinxelos mediante as distintas fórmulas, relacionas con modelos moleculares físicos ou xerados por computador, e coñecer algunhas aplicacións de especial interese. B2-10. Recoñecer os grupos funcionais presentes en moléculas de especial interese.

Aval.	Unidade	Temporalización
		Mes
2ª	5. Reaccións químicas	xaneiro, feb.

CONTIDOS		CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES
CONTIDOS CURRICULARES DO CURSO	CONTIDOS DA UNIDADE	
<p>BLOQUE 1. A ACTIVIDADE CIENTÍFICA</p> <ul style="list-style-type: none"> • A investigación científica. • Expresión de resultados. • Análise dos datos experimentais. • Tecnoloxías da Información e a Comunicación no traballo científico. • Proxecto de investigación. 	<ul style="list-style-type: none"> • Procura, selección e organización de información a partir de textos e imaxes para completar as súas actividades e responder a preguntas. • Interpretación de resultados experimentais. • Contraste dunha teoría con datos experimentais. • Análise de datos a partir da interpretación de táboas e gráficos. • Realización de proxectos de investigación e reflexión sobre os procesos seguidos e os resultados obtidos. • Utilización do TIC para a realización de tarefas e a análise de resultados. • Apreciación da importancia da investigación para o avance da ciencia. • Valoración do traballo de procura de información en diversas fontes. 	<p>B1-1. Recoñecer que a investigación en ciencia é un labor colectivo e interdisciplinar en constante evolución e influída polo contexto económico e político.</p> <p>B1-8. Elaborar e defender un proxecto de investigación, aplicando o TIC.</p>
<p>BLOQUE 3. Os CAMBIOS</p> <ul style="list-style-type: none"> • Reaccións e ecuacións químicas. • Mecanismo, velocidade e enerxía das reaccións. • Cantidade de sustancia: o mol. • Concentración molar. <p>Cálculos estequiométricos.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • A reacción química. • A enerxía das reaccións químicas. • A velocidade das reaccións químicas. • Medida da cantidade de sustancia. O mol. • Cálculos nas reaccións químicas. • Análise da teoría das colisións. • Identificación daquilo que cambia e que se conserva nas reaccións químicas. • Identificación das enerxías dunha reacción química. • Distinción das reaccións exotérmicas e endotérmicas. • Análise da velocidade das reaccións químicas. • Recoñecemento dos catalizadores e inhibidores. • Medición da cantidade de sustancia mediante o mol. • Identificación do mol de átomos, o número de Avogadro e o mol dunha sustancia. • Utilización de cálculos estequiométricos. • Cálculo de ecuacións químicas. • Observación e análise de cambios químicos na contorna. • Comprobación das leis da química no laboratorio dun experimento. 	<p>B3-1. Comprender o mecanismo dunha reacción química e deducir a lei de conservación da masa a partir do concepto da reorganización atómica que ten lugar.</p> <p>B3-2. Razoar como se altera a velocidade dunha reacción ao modificar algún dos factores que inflúen sobre a mesma, utilizando o modelo cinético-molecular e a teoría de colisións para Xustificar esta predición.</p> <p>B3-3. Interpretar ecuacións termoquímicas e distinguir entre reaccións endotérmicas e exotérmicas.</p> <p>B3-4. Recoñecer a cantidade de sustancia como magnitude fundamental e o mol como a súa unidade no Sistema Internacional de Unidades.</p> <p>B3-5. Realizar cálculos estequiométricos con reactivos puros supondo un rendemento completo da reacción, partindo do axuste da ecuación química correspondente.</p>

Aval.	Unidade	Temporalización
		Mes
2ª	6. Exemplos de reaccións químicas	Febreiro

CONTIDOS		CRITERIOS DE AVALIACIÓN CURRICULARES
CONTIDOS CURRICULARES DO CURSO	CONTIDOS DA UNIDADE	
BLOQUE 1. A ACTIVIDADE CIENTÍFICA <ul style="list-style-type: none"> • A investigación científica. • Expresión de resultados. • Análise dos datos experimentais. • Tecnoloxías da Información e a Comunicación no traballo científico. • Proxecto de investigación. 	<ul style="list-style-type: none"> • Procura, selección e organización de información a partir de textos e imaxes para completar as súas actividades e responder a preguntas. • Interpretación de resultados experimentais. • Contraste dunha teoría con datos experimentais. • Análise de datos a partir da interpretación de táboas e gráficos. • Realización de proxectos de investigación e reflexión sobre os procesos seguidos e os resultados obtidos. • Utilización do TIC para a realización de tarefas e a análise de resultados. • Apreciación da importancia da investigación para o avance da ciencia. • Valoración do traballo de procura de información en diversas fontes. 	<p>B1-1. Recoñecer que a investigación en ciencia é un labor colectivo e interdisciplinar en constante evolución e influída polo contexto económico e político.</p> <p>B1-8. Elaborar e defender un proxecto de investigación, aplicando o TIC.</p>
Para orientar as liñas xerais da intervención educativa, faise imprescindible analizar varias cuestións psicolóxicas, sociolóxicas, epistemolóxicas e didácticas:

▪ **Dende o punto de vista cognitivo**, de acordo coa teoría psicoevolutiva de Piaget, unha grande proporción dos alumnos de 4º de ESO atópase no período de operacións formais. Polo tanto, son capaces de realizar operacións mentais con elementos abstractos, e de empregar a lóxica das proposicións verbais e o razoamento hipotético-dedutivo. Para escalonar a dificultade das actividades, analízase a súa demanda cognitiva de acordo coa categorización de Shayer e Adey (1982).

▪ **Dende a perspectiva epistemolóxica da materia**, o deseño da programación debe favorecer unha aprendizaxe significativa nos alumnos. Para acadalo, débese asegurar:

- Motivación e implicación persoal do alumnado na aprendizaxe. Estes factores son condicións necesarias para que os estudantes adopten unha actitude favorable á integración do novo material no seu corpo de coñecementos.

- Intensa actividade por parte dos estudantes: en definitiva, son eles quen establecen novas relacións nos seus esquemas de coñecemento. Prestarase atención á diversidade, e potenciarase a cooperación no traballo en grupo. Preténdese que o alumno pase de ser receptor pasivo das ideas científicas, a ser un transmisor de coñecementos nun contexto dinámico e interactivo.

- Favoreceranse o desenvolvemento de contidos dotados de significado e o desenvolvemento de habilidades para que os alumnos aprendan a aprender.

▪ **Dende o punto de vista didáctico**, a perspectiva construtivista propón unha serie de principios sobre os que fomentar a aprendizaxe:

- Partirase do nivel de coñecemento dos discentes, animaráselles a traballar coas súas propias ferramentas cognitivas, e o profesor asegurárase de axustar a súa intervención para axudar a incrementar o nivel das ZDP dos estudantes (Vygotsky, 1979). A ZDP, ou zona de desenvolvemento próximo, é a zona do desenvolvemento cognitivo que comprende as tarefas que o individuo non é capaz de realizar todavía só, pero si coa axuda de outros.

- Modificaranse os esquemas de coñecemento dos alumnos. A teoría do esquema (Rumelhart e Ortony, 1982) concibe a estrutura cognitiva como un conxunto de esquemas de coñecemento, ou estruturas mentais organizadas e interrelacionadas que se poden activar para procesar información. O alumno aprende a partir dos seus esquemas previos, que deben evolucionar cara esquemas máis acordes coas ideas da ciencia escolar.

- Na súa labor facilitadora e mediadora, o profesor apóiase nas estratexias que considere axeitadas para guiar aos estudantes na evolución das súas observacións, interpretacións e predicións cara as da ciencia escolar. A evolución de ideas terá lugar de modo paulatino, a medida que os que aprenden recoñezan

nos construtos científicos un maior poder explicativo (Pozo e Gómez Crespo, 1998). En consecuencia, as actividades deben deseñarse de maneira que favorezan oportunidades e situacións de aula para que os estudantes fagan explícitas, identifiquen e valoren as súas propias ideas, sexan conscientes das dos seus compañeros e das ideas da ciencia escolar.

- Neste sentido, recoméndase organizar un clima de debate na aula mediante o traballo en pequenos grupos, para que os alumnos expoñan ideas, emitan e comuniquen as súas propias hipóteses e conclusións, e elaboren argumentos para xustificalas (Domínguez Castiñeiras, 2007). Esta dinámica participativa, de espírito dialogante, aberto e colaborativo, impulsa o traballo autónomo do alumno, estimula as súas capacidades para o traballo en equipo e, ao mesmo tempo, potencia as destrezas, técnicas e estratexias de indagación e investigación, salientando o carácter experimental da Física e da Química, e favorece a familiarización do alumno coas características da investigación científica.

- Comunicarase unha visión global do coñecemento científico, que integra conceptos, modelos, procedementos, destrezas, técnicas, estratexias, actitudes e valores. Non se debe ignorar ningún destes aspectos; do contrario, ofreceríase unha visión distorsionada da Ciencia, e desperdiciaríanse parte dos valores formativos que xustifican a súa inclusión entre os coñecementos básicos e obrigatorios (Domínguez Castiñeiras, 2007). A metodoloxía que se presenta integra os contidos conceptuais, procedementais e actitudinais de tal maneira que os primeiros se constrúen partindo da andamiaxe dos segundos (Domínguez Castiñeiras, 2000, 2007), e se inclúen, implícitos, os contidos actitudinais que axudarán ao alumnado a desenvolver unha concepción actualizada da Ciencia e da cultura científica.

- Desenvolverase a concepción da Física e da Química como Ciencias experimentais que proporcionan unha potente ferramenta de coñecemento a través da integración dos dominios macroscópico, microscópico e simbólico. A idea da Ciencia como disciplina en constante cambio fomenta a actitude reflexiva diante de fenómenos cualificados como obvios ou inamovibles.

- Incidirase nas vertentes científicas, tecnolóxicas e sociais da Física e da Química, resaltando o carácter dinámico da súa evolución (ligada ás necesidades sociais) e a transcendencia dos avances científicos no progreso da humanidade (dimensión colectiva da actividade científica).

- Transmitirase unha imaxe humanizada das Ciencias que ten en conta o impacto social destas, os aspectos morais e éticos do traballo científico, e o desenvolvemento da creatividade no exercicio das Ciencias (Lemke, 2006). Estas cuestións materialízanse transferindo os contidos á resolución de problemas reais. Deseñarase actividades que presentan situacións problemáticas o máis abertas e significativas posible (Díaz e Jiménez, 1999), cuxo proceso de resolución permita a reflexión e reestruturación dos construtos da Ciencia, independentemente de que as tarefas sexan de tipo práctico ou teórico (Domínguez, Pro, García-Rodeja e Illobre, 1999). Nesta liña, o deseño das actividades segue un modelo holístico (Caamaño, 1992; do Carmen, 1997). Así, no canto de ensinar directamente as técnicas necesarias para utilizar métodos calorimétricos, propónse utilizar estes como técnicas necesarias para desenvolver estratexias relacionadas coa determinación das transferencias enerxéticas dos procesos físicos e químicos.

- Dado que algunhas ideas alternativas son extraordinariamente resistentes ao cambio, considérase insuficiente o simple enunciado do conflito ou do feito discrepante (Hewson, 1981; Posner et al., 1982): é necesario propoñer actividades capaces de introducir novas ideas, e de axudar a transferilas a distintos contextos utilizando diferentes estratexias. Por isto, as actividades das unidades didácticas parten de situacións, feitos ou fenómenos da realidade observable e o máis cercana posible ás experiencias do alumnado, e ábreanse aos construtos teóricos e procedementais da Ciencia e a outras realidades culturais. Proporcióname así a base para formular un problema que, á vez, pon de manifesto a necesidade de formular hipóteses e contrastalas (Díaz e Jiménez, 1999). Recoméndase enfatizar a necesidade de desenvolver os aspectos procedementais: a identificación do problema, a emisión de hipóteses e o establecemento de predicións, o deseño de experiencias a análise dos resultados obtidos, o establecemento de conclusións coherentes co proceso de investigación, e a crítica dos resultados e as conclusións obtidas. Este é un punto de partida para que o alumnado perciba a importancia de formular teorías, e discuta as limitacións e o poder explicativo das mesmas, e as causas da súa aceptación ou rexeitamento. As destrezas cognitivas de razoamento e argumentación son ferramentas para a elaboración e comunicación de discursos explicativos, xustificativos e predictivos.

- A introdución de problemas teóricos permite relacionar o nivel observacional co explicativo mediante proposicións que permiten confrontar a linguaxe cotiá coa linguaxe científica e introducir esta na aula. Valorarase o emprego da linguaxe científica como ferramenta para o entendemento da comunidade científica, e buscarase concienciar sobre a necesidade de adaptar as ferramentas da comunicación lingüística ao contexto comunicativo.

2. Estratexias metodolóxicas

Principais estratexias:

- Memorización comprensiva
- Indagación e investigación sobre documentos: textos divulgativos, prensa,...
- Elaboración de sínteses sobre textos e esquemas conceptuais
- Análise e comentario de documentos, gráficos, mapas, táboas de datos
- Resolución de problemas de base científica
(VER APARTADOS ANTERIOR E SEGUINTE)

3. Secuenciación habitual de traballo na aula

Secuencias a desenvolver:

a) Nas UD de contido menos descoñecido ou pouco próximo ás experiencias do alumnado:

Fase de introdución e motivación:

- Presentación do tema e das actividades a desenvolver:
 - Información básica para todo o alumnado
 - Información complementaria para reforzo e apoio; e para afondamento e ampliación

Fase de traballo persoal

- Lectura, comprensión e análise de textos (desenvolvemento dos contidos principais)
- Realización de sínteses, esquemas e mapas conceptuais sobre os contidos conceptuais e procedementais obxecto de aprendizaxe
- Comentario de documentos, imaxes, gráficas, etc.
- Memorización comprensiva
- Realización de tarefas relacionadas co afianzamento das aprendizaxes:
 - 1.- Resposta a preguntas sinxelas
 - 2.- Interpretación, elaboración e análise de documentos, imaxes, gráficas, etc.
 - 3.- Resolución de problemas abertos

NOTA: graduarase o nivel de dificultade das tarefas, dende as máis sinxelas ata as que necesiten unha maior análise ou elaboración por parte do alumno.

A avaliación producirase en dúas fases:

- Durante todo o desenvolvemento da UD:
 - Análise das producións do alumnado: caderno, comentarios, etc.
 - Observación diaria do traballo na aula
 - Probas orais
- A maiores, ao final da UD:
 - Proba escrita
 - Traballos individuais e en grupo

b) Nas UD de contido máis coñecido ou próximo ás experiencias do alumnado (Ollerenshaw e Ritchie, 1997):

Fase de exploración: a partir dun aspecto da realidade, foméntase a expresión do coñecemento cotián para chegar á síntese do coñecemento implícito.

Orientación: búscase presentar o tema e espertar o interese e a curiosidade.

Estimulación/estruturación: búscase axudar aos alumnos a facer explícito e a clarificar o que pensan, a propósito de problemas concretos.

- ▶ Actividades de introdución-motivación: serven para promover o interese dos alumnos, ao destacar a funcionalidade do que se vai traballar.

Actividades de exploración, para detectar os coñecementos previos.

Fase de indagación: preténdese demandar a síntese do coñecemento explícito.

Intervención: ánimoase aos alumnos a confrontar as súas ideas coas científicas.

Reestruturación: axúdase aos alumnos a recoñecer o significado do que percibiron e interpretaron, e ensínaselles a utilizar as ideas clave e os modelos da ciencia escolar.

- ▶ Actividades de descubrimento dirixido.

Actividades de desenvolvemento, encamiñadas a incorporar novos contidos.

Fase de aplicación: preténdese fomentar a síntese e transferencia do aprendido á explicación de novos feitos e fenómenos, mediante a análise, a reflexión e a acción.

- ▶ Actividades de consolidación, nas que se pretende que os alumnos adquiran consciencia dos novos coñecementos.

- ▶ Actividades de reforzo, que relacionan os coñecementos previos e recentes.
 - ▶ Actividades de ampliación: permiten acadar un nivel de coñecementos superior ao esixido.
- Actividades de recuperación, para os alumnos que non acadaron os obxectivos marcados.
Propóñense como parte da atención á diversidade.

1. Espazos

Os espazos necesarios para poder desenvolver os contidos da Física e Química de 4º de ESO son unha aula, un laboratorio, unha biblioteca e unha aula de informática.

Outras instalacións do centro, como as salas de usos múltiples ou as aulas reducidas, poden resultar interesantes para o desenvolvemento de actividades en cooperación con outros departamentos didácticos. En todo caso, a organización e a utilización dos espazos do centro deben estar coordinadas cos distintos departamentos, en función das distintas actividades a desenvolver.

2. Materiais e recursos didácticos

Na actualidade, a grande variedade de materiais didácticos dispoñibles permite adaptar a intervención de aula aos distintos estilos de aprendizaxe dos alumnos, ao tempo que axuda á realidade educativa a responder ás necesidades e expectativas da sociedade tecnolóxica actual.

Tentarase utilizar unha ampla e variada gama de materiais didácticos, buscando en cada momento o tipo de recurso máis axeitado para cada contido. En todo caso, os materiais empregados deben ser motivadores, novidosos e actualizados.

Entre os materiais didácticos máis útiles para o desenvolvemento dos contidos da materia de Física e Química destacan:

- * Materiais impresos: Entre eles, o libro de texto seleccionado polo departamento didáctico será un recurso primordial, aínda que a súa adopción na intervención docente non debe ser automática, irreflexiva nin superficial. Debe terse en conta que moitos libros de texto conteñen erros reseñables, e están cheos de exercicios pechados, algorítmicos e pouco relevantes para o alumnado (Otero, 1990; Tamir e García, 1992; do Carmen e Jiménez, 1997; Campanario, 2001, 2003). É tarefa do profesor solventar estas carencias, dinamizar os contidos e seleccionar e transformar as actividades de xeito que promovan unha aprendizaxe significativa. Como referencia de materiais que se prestan doadamente a estas labores, utilizarase o libro de texto da editoria Santillana para 4º ESO, de máis recente publicación. Ademais do libro de texto, tomaranse en consideración soportes escritos como fotocopias, transparencias... así como diverso material impreso da biblioteca, da prensa escrita convencional e de revistas de divulgación científica.
- * Caderno do alumno: É unha ferramenta fundamental de traballo individual dos alumnos, tanto na aula coma fóra dela.
- * Simulacións por ordenador: Este recurso, así como os diversos recursos audiovisuais (Mas, Paniagua, Vilaseca e Barbosa, 1991; Llitjós, Estopa e Miró, 1994), serán útiles para reproducir esquemas, animacións e todo tipo de situacións nas que o encerado resulte insuficiente. As simulacións ofrecen unha posibilidade de visualización dinámica, significativa e motivadora para moitos contidos da materia.
- * Novas tecnoloxías: Axeitadamente dirixidas, as novas tecnoloxías están a proporcionar, dende os anos noventa, útiles recursos técnicos e comunicativos (Barberá e Sanjosé, 1990; Valente e Neto, 1992; Herrán e Parrilla, 1994; Pontes, 1999). Recorrerase a eles a fin de eliminar as barreiras espazo-temporais entre o profesor e o alumno, e para flexibilizar e ampliar a oferta educativa. A este respecto, tanto o *software* educativo como os portais informativos e as *webquest* son ferramentas axeitadas para favorecer a autoaprendizaxe e a interacción entre os protagonistas do contorno educativo. Ademais, os recursos relacionados coas novas tecnoloxías (como a pizarra dixital) axudan a potenciar a adaptación individualizada do contorno ás características e motivacións dos alumnos con necesidades educativas específicas. No Decreto 86/2015 especificase

que as TIC serán unha ferramenta necesaria para a aprendizaxe en todas as materias, tanto polo seu carácter imprescindible na educación superior como pola súa utilidade e relevancia para a vida cotiá e a inserción laboral.

* Laboratorio: O traballo de laboratorio é imprescindible nunha materia experimental como a Física e Química, ademais de servir de estímulo para a creatividade e a curiosidade.

Independentemente do soporte material co que se leven á aula, existen argumentos máis que suficientes para respaldar a importancia que ten a resolución de problemas na aprendizaxe das Ciencias (Garret, 1988, 1995; Díaz, 1999; Díaz e Jiménez, 1999; Perales, 1993; Perales, 2000; Pro, 2003), en especial no que se refire á aprendizaxe dos aspectos procedementais.

Enténdese por problemas aquelas situacións que propoñen dificultades para as que non existen solucións únicas e establecidas de antemán. A autenticidade dun problema vén determinada por dúas compoñentes (Duschl e Gitomer, 1996):

▶ O contexto dos problemas: pódese utilizar para aproveitar a necesidade que sinten os alumnos de relacionar as cuestións co seu coñecemento actual, para abordarlas e traballar sobre elas utilizando as súas propias ferramentas cognitivas. Isto condiciona a deseñar os problemas de maneira que se sitúen nas ZDP dos que aprenden; do contrario, ou non existe tal problema, ou en todo caso no cabe esperar que este xere aprendizaxe (Díaz, 1999).

▶ Os datos e probas: a resolución dun problema auténtico require o establecemento de relacións sucesivas entre datos e teoría (Jiménez Aleixandre, 2003). Para elaborar estes razoamentos, os alumnos adoptarán a linguaxe científica, o que os introduce na comunidade de discurso da cultura científica.

Garret (1988, 1995) e Perales (2000) advirten que a resolución dos problemas auténticos non debería ocupar un espazo desproporcionado con respecto ás necesidades de ensinanza e aprendizaxe, tendo en conta a disciplina obxecto de estudo e as características dos estudantes e do docente.

As destrezas que se traballan cos problemas refórzanse mediante outras tarefas de aprendizaxe, coma os traballos prácticos, que permiten desenvolver competencias no traballo científico e habilidades na investigación, extender o coñecemento a través de novas experiencias, facilitar o contacto con fenómenos reais, dar a oportunidade de explorar a extensión e os límites das teorías, e desenvolver destrezas específicas como a observación e a manipulación, e, máis aló dos contidos procedementais, permiten poñer en xogo conceptos, teorías e actitudes (Caamaño, 1992). Lémbrese que, epistemolóxicamente, os ámbitos conceptual e procedemental están estreitamente interrelacionados (Pozo e Gómez Crespo, 1998), e por isto no se poden considerar independentes nin desvinculados: non hai experimentos sen contidos conceptuais e procedementais asociados (Pro, 1998, 2003).

7.- AVALIACIÓN

Inicial, continua, final, extraordinaria. Pendentes

3. Procedementos de avaliación inicial

En que data se realizará?

En que consistirá? (proba tipo test, preguntas e respostas, confección de mapas, gráficas, etc relacionados cos estándares?

Como se informará á familia?

Cales serán as consecuencias dos resultados?

Haberá dous tipos de avaliación inicial:

- **Xeral:** Farase a principios de curso (no mes de outubro), coa finalidade de coñecer capacidades dos alumnos (compresión, expresión, razoamento dedutivo, tenacidade no traballo, atención...).

Basearase na proba do primeiro tema, nas tarefas individuais e das observacións de clase.

Toda esta información será contrastada na xuntanza da avaliación inicial coa do resto de profesores do curso e a proporcionada polo departamento de orientación.

A información desta avaliación será utilizada para intentar paliar as debilidades de cada alumno e potenciar e utilizar as súas fortalezas. Tamén se terá en conta á hora da formación dos grupos de traballo, buscando a heteroxeneidade e fomentando o traballo cooperativo.

- **De tema/UD:** Haberá temas (UDs ou determinados contidos das UD) nos que os alumnos xa teñan concepto previos. A avaliación inicial farase ó principio de cada tema, coa finalidade de explicitar eses conceptos previos. Esta parte da avaliación inicial farase como unha actividade dentro do propio tema e a partir da cal deseñar actividades que vaian levando ó alumno ó cambio conceptual.

Os plans de actuación, que serán corroborados polos titores dos alumnos, así como polos equipos docente e directivo do centro, buscarán a adaptación que responda o máis axeitadamente posible ás características e circunstancias persoais e familiares do alumno; en todo caso, implicarán a necesaria orientación aos titores para o seguimento da evolución da aprendizaxe do estudante. A comunicación

3.- Procedemento avaliación continua

A avaliación é un proceso estimativo e investigador, mediante o que se valora a acción educativa, fanse propostas de mellora ou adaptación, e apórtanse conclusións sobre o desenvolvemento dos procesos educativos e o grao de consecución dos obxectivos fixados. Está en continua revisión e reflexión, e non debe confundirse cos rendementos finais, nin reducirse a momentos illados (Jorba e Sanmartí, 1996).

A avaliación é un elemento máis do currículo e debe traballarse en paralelo cos demais elementos curriculares. A información que se obtén con ela é accesible tanto ao profesorado, como ao alumnado e aos titores legais dos alumnos menores de idade.

Dado que os referentes para a avaliación da construción do coñecemento son os criterios de avaliación e a súa concreción nos estándares de aprendizaxe avaliábeis, a avaliación na etapa de ESO ten funcións cuantitativa, cualitativa e orientadora, e fundaméntase nos principios de individualización, continuidade, sistematicidade e adaptabilidade. Trátase de determinar o máis organizada, minuciosa e flexiblemente posible a aprendizaxe, valorada en función das características de cada estudante, en termos do grao de consecución dos obxectivos que se acadan, da evolución dos coñecementos e o nivel competencial alcanzado, atendendo á temporalización prevista. As condicións de realización da avaliación adaptáranse ás características do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

A avaliación do alumnado debe ser global e integral, de acordo coa perspectiva da aprendizaxe por competencias. Algúns estándares de aprendizaxe refírense a aspectos que se avaliarán en UD's concretas, mentres que outros se avaliarán en todas e cada unha das UD's. Estes criterios de avaliación comúns son:

- ✓ Asimilación de conceptos, hipóteses e teorías científicas, e a súa aplicación á resolución de problemas auténticos que se refiren a diferentes contextos.
- ✓ Conciencia e coñecemento sobre a importancia dos fenómenos químicos e as súas aplicacións aos individuos e ás sociedades.
- ✓ Formulación e contraste de hipóteses baseadas no coñecemento científico, co establecemento dun plan de traballo para abordar a resolución de problemas.
- ✓ Planificación e realización de pequenas investigacións.
- ✓ Busca sistemática e reflexiva de información, control da calidade da documentación e a discusión sobre a veracidade das fontes.
- ✓ Análise, síntese e contraste da información científica. Realizar descripcións, interpretacións e predicións científicas a partir de datos e probas.
- ✓ Interpretación dos datos e probas (significado, aplicabilidade, limitacións), tanto se foron dados previamente coma se foron resultado do traballo do alumno.
- ✓ Capacidade para explicar, interpretar e expresar a información científica.
- ✓ Observación e reflexión sobre os acontecementos que suceden durante o desenvolvemento dunha actividade e sobre o proceso de resolución das tarefas.
- ✓ Deseño, elaboración e comunicación de esquemas e informes claros e concisos, orais ou escritos, sobre o desenvolvemento e conclusións das tarefas.
- ✓ Manipulación axeitada dos instrumentos e materiais necesarios para o desenvolvemento das actividades, aplicando medidas de prevención de riscos e traballando coas TIC para a procura de información, a simulación de probas prácticas, a obtención e tratamento de datos e a elaboración de informes.
- ✓ Coidado e respecto polo material de aprendizaxe, polos recursos didácticos relacionados coas TIC e polo instrumental de laboratorio.
- ✓ Interese pola aprendizaxe das Ciencias e pola divulgación do coñecemento en xeral. Implicación na boa marcha das clases e na creación dun clima de aula aberto, participativo, cordial e democrático.
- ✓ Rigor, dilixencia e independencia de pensamento na realización das tarefas.
- ✓ Cooperación e actitudes positivas: disposición dialogante, participativa e aberto a ideas, asertividade e regulación das emocións na interacción cos demais.

Con que temporalización se farán probas escritas(cada tema, dous, tres, cantas por trimestre ou avaliación, etc.?)

Estímanse unhas dúas ou tres probas escritas por trimestre, como se desprende dos cadros de temporalización das UD's). . Nas probas escritas de final de UD, os contidos obxecto de avaliación serán todos os contidos conceptuais e procedementais traballados ata o momento.

Como se cualifican as probas, traballos individuais ou colectivos, traballo no caderno, observación. Ponderación, redondeo, ...

Como se fai a media de cada unha das avaliacións? Ponderación, redondeo,

Que aspectos se van a valorar dentro da observación do traballo na aula?

Como se recupera unha proba non superada?

A avaliación debe ser un proceso flexible no sentido de que, en función dos obxectivos trazados, debe servirse dunha ampla diversidade de técnicas e instrumentos de rexistro, modificándoos cando sexa necesario para adaptalos mellor ás necesidades dos alumnos.

En todo caso, considérase indispensable o criterio do departamento didáctico para calcular a carga porcentual de cada tipo de contido na cualificación final. Por isto, na presente programación apúntanse estimacións aproximadas do peso porcentual de cada aspecto a avaliar, tendo en conta os instrumentos de avaliación utilizados.

Os instrumentos que se utilizarán para avaliar a aprendizaxe son:

✓ Observación sistemática do traballo diario do alumno: refírese fundamentalmente á comprensión de ideas e aos aspectos procedementais (coherencia na expresión, manexo do vocabulario axeitado, utilización de argumentos científicos na construción de razoamentos) e actitudinais, como a asistencia regular e a puntualidade, a atención e o interese cara a aprendizaxe, o respecto polas normas de convivencia, o grao de participación nos traballos, o esforzo, a limpeza e a orde, o coidado do material... Teranse en conta aquelas circunstancias persoais do alumno que poden ter incidencia na aprendizaxe: a idade, as necesidades específicas de apoio educativo, as condicións familiares, ou a autoestima e o *status* do alumno nas relacións grupais, son factores que condicionan a adquisición de competencias.

✓ Revisión das actividades de aula, tanto das realizadas nos cadernos dos alumnos coma nos traballos bibliográficos individuais e grupais. Valoraranse a comprensión e reflexión no desenvolvemento das actividades, xunto coa selección e o contraste da información e aspectos relacionados coa capacidade de síntese, a presentación, a corrección e a soltura na expresión escrita; tamén se avaliarán os bos hábitos de traballo persoal (constancia, perseverancia, responsabilidade, interese, curiosidade e espírito crítico) e grupal (participatividade, colaboratividade, solidariedade, disposición dialogante e aberta ao traballo, ideas e estilos de aprendizaxe dos demais).

✓ Revisión das actividades prácticas de laboratorio: a valoración das prácticas será o resultado de valorar a actitude no traballo, xunto coas habilidades e destrezas, e os informes individuais de prácticas. Na cualificación dos informes teranse en conta os aspectos instrumentais, o tratamento dos datos e a análise e discusión dos resultados.

✓ Probas orais periódicas para comprobar o grao de implicación na aprendizaxe e o ritmo de traballo dos alumnos.

✓ Probas escritas:

A cualificación, distinta da avaliación, consiste na cuantificación das aprendizaxes realizadas. A cualificación da materia de Física e Química obterase por redondeo, ás unidades, da media aritmética simple das cualificacións trimestrais, cada unha das cales estará representada por un número enteiro entre 0 e 10. A cualificación trimestral calcularase a partir da ponderación das cualificacións parciais que se obteñan para os distintos aspectos avaliados, cada un dos cales se puntuará de 0 a 10 con ata dúas cifras decimais de aproximación. A estas cualificacións parciais se aplicará a clave porcentual que se indica a continuación, para achar a cualificación trimestral, que se transformará en número enteiro por redondeo.

✓ A observación sistemática do traballo diario do alumno contará en total un 10 % da cualificación trimestral, por suma do 5 % da nota que será función dos aspectos procedementais, e outro 5 % para os actitudinais.

✓ A revisión das actividades de aula representará un 20% da cualificación trimestral: o desempeño demostrado na resolución das tarefas de tipo actividades escritas (cuestións, exercicios, problemas) contará un 10 %, e o desenvolvemento dos contidos mediante textos, esquemas e mapas conceptuais contará outro 10 %. Para a cualificación das actividades orais, darase prioridade á participación e actitudes no traballo grupal, á creatividade e á demostración de continuidade e reflexión no estudo. En canto ás actividades escritas, primará o grao de eficacia na elaboración das estratexias de resolución de problemas, a capacidade de síntese e a corrección e soltura na expresión escrita. Penalizaranse con -0,5 puntos cada día de tardanza na entrega do caderno, a deficiente presentación do mesmo e o deficiente desempeño nas actividades e desenvolvemento dos contidos; salvo que o alumno presente un xustificante no que aporte razóns de forza maior, o que lle permitirá retrasar a entrega tantos días como indique o xustificante. Consideraranse razóns de forza maior os problemas de

saúde do alumno, sempre e cando este aporte un certificado médico ao respecto; e asuntos persoais ou familiares de gravidade, como a defunción dun familiar directo, a celebración dun xuízo no que se vexa involucrado o alumno, unha catástrofe natural que afecte economicamente á familia, etc. Valorarase cada caso en función da súa gravidade.

As actividades de aplicación son moi interesantes para obter datos sobre a evolución das ideas dos estudantes e sobre a súa relación coa consecución dos obxectivos e o grao de adquisición de competencias. Como estas actividades están deseñadas de maneira que o alumnado transfira os seus coñecementos á explicación de novos feitos e fenómenos, a avaliación permite comprobar como e ata que punto fan significativo o novo coñecemento na resolución de cuestións de base científica.

✓ A revisión das actividades prácticas de laboratorio sumará ata un 10 % da cualificación trimestral, tendo en conta os aspectos conceptuais (4 %), procedementais (4 %) e actitudinais (2 %) demostrados no laboratorio. A calidade dos informes individuais de prácticas incluírá a valoración dos aspectos instrumentais e o tratamento dos datos experimentais, a análise e discusión dos resultados obtidos, e a claridade organizativa e expositiva do informe en si. Penalizarase con -0,5 puntos cada día de tardanza na entrega do informe, salvo razóns de forza maior (como xa se explicou previamente).

✓ As probas orais periódicas sumarán ata un 10% da cualificación trimestral.

✓ As probas escritas recibirán un 50 % da cualificación trimestral, como media aritmética simple das probas realizadas ao final de cada UD. A ausencia non xustificada a unha sesión de proba escrita computará como un 0 na cualificación da mesma. A ausencia xustificada por razón de forza maior resolverase cunha nova convocatoria de proba, á maior brevidade posible, e a dificultade das tarefas será comparable ao da proba orixinal.

Como se recupera unha avaliación non superada?

Un alumno logrará unha cualificación de aprobado nunha avaliación trimestral da materia de Física e Química, se acadará unha cualificación trimestral igual ou superior a 5 puntos. Aqueles estudantes que non logren esta puntuación, poderán lograr a avaliación positiva mediante unha proba extraordinaria de recuperación que se realizará á maior brevidade posible dende a finalización do trimestre, e que terá o perfil e a estrutura dunha proba escrita de avaliación. Os contidos que se avaliarán nas probas extraordinarias de trimestre (recuperacións trimestrais) son os seguintes:

-Proba extraordinaria da 1ª avaliación: todos os contidos conceptuais e procedementais do 1º trimestre.

-Proba extraordinaria da 2ª avaliación: todos os contidos conceptuais e procedementais do 1º e do 2º trimestre, de tal xeito que os alumnos que teñan suspensa unha das dúas avaliacións só presentarán aquela avaliación que estea suspensa (se presentasen a que está aprobada, a cualificación obtida só se reflectirá no sub-apartado de "aspectos actitudinais" no apartado de observación sistemática do traballo diario do alumno, correspondente ao trimestre no que se realiza a proba); os que teñan as dúas avaliacións suspensas, estarán obrigados a presentar as dúas partes da proba.

-Proba extraordinaria da 3ª avaliación: todos os contidos conceptuais e procedementais do 1º, do 2º e do 3º trimestre, de tal xeito que os alumnos que teñan suspensa unha ou dúas das tres avaliacións só presentarán as avaliacións suspensas (se presentasen a que está aprobada, a cualificación obtida só se reflectirá no sub-apartado de "aspectos actitudinais" no apartado de observación sistemática do traballo diario do alumno, correspondente ao derradeiro trimestre do curso); os que teñan as tres avaliacións suspensas, estarán obrigados a presentar as tres partes da proba.

O criterio que se adopta para elaborar e cualificar estas probas terá como referencia os contidos mínimos enumerados na programación do departamento.

A ausencia ás probas extraordinarias de recuperación consignarase como non presentado (NP), e esta situación equivalerá á cualificación numérica mínima se a ausencia ás probas non está xustificada, e á cualificación numérica obtida con anterioridade en caso de ter xustificación.

As prácticas suspensas poderanse recuperar repetindo os informes, que se avaliarán de acordo cos criterios de cualificación correspondentes; e para a actitude será suficiente un cambio da mesma ao longo do curso. Ademais, propoñeranse aos alumnos diversas actividades de reforzo e de recuperación, que serán planificadas e avaliadas polo profesor que ditamine o departamento didáctico.

Quen debe ir á avaliación final?

En que consistirá a proba ?

Que estándares se van avaliar?

Como se elabora a cualificación final. Ponderación, redondeos, etc?

Que criterios segue o centro para a promoción?

Para aprobar a materia, é requisito ter superadas as tres avaliacións no fin de curso. Aos estudantes que non superasen a avaliación ordinaria, entregaráselles un informe cos obxectivos mínimos non acadados, e actividades recomendadas para cada unidade didáctica. Estes alumnos poderán optar a unha convocatoria de proba extraordinaria que se realizará en setembro (VER APARTADO SEGUINTE).

5.- Procedemento de avaliación extraordinaria

Que tipo de proba se vai aplicar, número de preguntas, valoración de cada unha delas, etc.

Como se cualifica, redondeos, etc?

A proba extraordinaria de setembro, e que se axustará aos obxectivos, contidos e criterios e procedementos de avaliación e cualificación contemplados na programación xeral do departamento didáctico. A proba, de carácter escrito, terá as mesmas características e estrutura que a proba de recuperación do 3º trimestre, e cualificarase da mesma maneira, aplicando o redondeo á unidade.

O criterio que se adopta para elaborar e cualificar esta proba terá como referencia os contidos mínimos enumerados na programación do departamento.

Materia pendentes de 3º

Non hai pendentes de terceiro.

8.- Atención á diversidade

Medidas de atención á diversidade no presente curso

Calquera adaptación metodolóxica ordinaria ou programa de reforzo adoptárase no momento en que se precise de medidas específicas. Ao desenvolverse estratexias metodolóxicas que teñen en conta a diversidade, e potenciar a aprendizaxe por descubrimento guiado e a combinación de traballo individual e cooperativo, facilítase a adopción rápida de decisións a este respecto. A coordinación cos demais departamentos didácticos e o departamento de orientación será tamén unha estratexia prioritaria para diagnosticar a tempo aquelas características ou circunstancias dos alumnos que podan influír no seu rendemento de traballo na aula e fóra dela.

Non hai medidas de atención a diversidade neste curso.

9.- Outras avaliacións

1.- Avaliación da proceso de ensino e de práctica docente	Escala		
(Indicadores de logro)			
Proceso de ensino:	1	2	3
1.- O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?			
2.- Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe?			
3.- Conseguiuse motivar para conseguir a súa actividade intelectual e física?			
4.- Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado?			
5.- Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado?			
6.- Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado?			
7.- Tomouse algunha medida curricular para atender al alumnado con NEAE?			
8.- Tomouse algunha medida organizativa para atender al alumnado con NEAE?			
9.- Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?			
10.- Usáronse distintos instrumentos de avaliación?			
11.- Dáse un peso real á observación do traballo na aula?			
12.- Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo?			

Práctica docente:	1	2	3	4
1.- Como norma xeral fanse explicacións xerais para todo o alumnado				
2.- Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa?				
3.- Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade				
4.- Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para os alumnos con NEAE?				
5.- Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar?				
6.- Intercálase o traballo individual e en equipo?				
7.- Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral?				

8.- Incorporáranse as TIC aos procesos de ensino - aprendizaxe				
9.- Préstase atención aos temas transversais vinculados a cada estándar?				
10.- Ofrécese ao alumnado de forma inmediata os resultados das probas/exames,etc?				
11.- Coméntase co alumnado os fallos máis significativos das probas /exames, etc?				
12.- Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus fallos?				
13.- Cal é o grao de implicación nas funcións de titoría e orientación do profesorado?				
14.- Realizáronse as ACS propostas e aprobadas?				
15.- As medidas de apoio, reforzo, etc establécense vinculadas aos estándares				
16.- Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación,.. ?				

2.- Avaliación da programación didáctica

1.- Mecanismo revisión

Con que periodicidade se revisará

Trimestralmente, anotando aqueles cambios que se produciran no libro de actas. Farase unha valoración global a final de curso que se incorporará a memoria e será base para o establecemento da programación ó comezo do curso seguinte.

Que medidas se adoptarán en caso de desfase?

Farase un análise das causas de dito desfase. En función de destas causas estableceranse as medidas oportunas.

2.- Mecanismo avaliación e modificación de programación didáctica (Indicadores de logro)	Escala		
	1	2	3
1.- Deseñáronse unidades didácticas ou temas a partir dos elementos do currículo?			
2.- Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades didácticas/temas/proxectos?			
3.- O desenvolvemento da programación respondeu á secunciación e temporalización?			
4.- Engadiuse algún contido non previsto á programación?			
5.- Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista?			
6.- Secuenciáronse os estándares para cada unha das unidades/temas			
7.- Fixouse un grao mínimo de consecución de cada estándar para superar a materia?			
8.- Asígnouse a cada estándar o peso correspondente na cualificación ?			
9.- Vinculouse cada estándar a un/varios instrumentos para a súa avaliación?			
10.- Asociouse con cada estándar os temas transversais a desenvolver?			
11.- Fixouse a estratexia metodolóxica común para todo o departamento?			
12.- Estableceuse a secuencia habitual de traballo na aula?			
13.- Son adecuados os materiais didácticos utilizados?			
14.- O libro de texto é adecuado, atractivo e de fácil manipulación para o alumnado?			
15.- Deseñouse un plan de avaliación inicial fixando as consecuencias da mesma?			
16.- Elaborouse unha proba de avaliación inicial a partir dos estándares?			
17.- Fixouse para o bacharelato un procedementos de acreditación de coñecementos previos?			
18.- Establecéronse pautas xerais para a avaliación continua: probas, exames, etc.			
19.- Establecéronse criterios para a recuperación dun exame e dunha avaliación			
20.- Fixáronse criterios para a avaliación final?			
21.- Establecéronse criterios para a avaliación extraordinaria?			
22.- Establecéronse criterios para o seguimento de materias pendentes?			
23.- Fixáronse criterios para a avaliación desas materias pendentes?			
24.- Elaboráronse os exames tendo en conta o valor de cada estándar?			
25.- Definíronse programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares?			
26.- Leváronse a cabo as medidas específicas de atención ao alumnado con NEE?			
27.- Leváronse a cabo as actividades complementarias e extraescolares previstas?			
28.- Informouse ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos?			
29.- Informouse ás familias sobre os criterios de promoción? (Artº 21º, 5 do D.86/15)			
30.- Seguiuse e revisouse a programación ao longo do curso			
31.- Contribuíuse desde a materia ao plan de lectura do centro?			

32.- Usáronse as TIC no desenvolvemento da materia?			
---	--	--	--

Observacións:

10. Actividades complementarias e extraescolares

Incluídas no PXA

11. Relación coa resolución

Resolución do 27/7/2015 (DOG 29)

Elementos	Aspectos	Páxina
a	Introdución e contextualización	3
b	Contribución ás competencias básicas	5-6-7
c	Concreción dos obxectivos para curso	3
d	Concreción para cada estándar	5-6-7
	1º.- Temporalización	5-6-7
	2º.- Grao mínimo de consecución	5-6-7
	3º.- Procedementos e instrumentos av.	5-6-7
e	Concrecións metodolóxicas	8
f	Materiais e recursos didácticos	9
g	Criterios sobre avaliación, cualificación e promoción	10-11-12
h	Indicadores de logro para avaliar o proc. ensino e p.d.	13-14
i	Organización actividades , seguimento, recuperación e avaliación de materias pendentes	12
j	Procedemento acreditación coñecementos previos	10
k	Avaliación inicial e medidas	10
l	Medidas de atención á diversidade	15
m	Concreción de elementos transversais	5-6-7
n	Actividades complementarias e extraescolares	17
ñ	Revisión, avaliación e modificación da programación	14

12. Datos departamento

Materia	Curso	Profesor/a
Física e Química	2º ESO	Sara Noelia Pereira Costa
Física e Química	3º ESO	Óscar Sánchez Díaz
Física e Química	4º ESO	Óscar Sánchez Díaz

Esta programación foi realizada de forma conxunta entre os profesores que impartimos a materia de Física e Química no centro.

A programación será supervisada ao longo do curso e anotarase as posibles modificacións que fose necesario introducir para os cursos académicos posteriores.

San Román de Cervantes, 30 de setembro de 2019

Asdo.: Óscar Sánchez Díaz e Sara Noelia Pereira Costa .